Sobre a postura da Xunta de Galicia ante a eventual delegación nos concellos, dentro dun marco xeral, da decisión de aplicar a taxa turística

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 16701 (12/POC-002802)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre os recursos e a planificación do Goberno galego ante a enfermidade hemorráxica epizoótica e a lingua azul e o eventual incremento das axudas proporcionadas ás persoas titulares das explotacións gandeiras afectadas

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 16703 (12/POC-002803)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e Prado Cores, María Montserrat

Sobre a situación da atención sanitaria no Centro de Saúde de Ourol ao non ter presenza diaria dun médico ou médica

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 16706 (12/POC-002804)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia



Arias Rodríguez, Raquel e 8 máis

Sobre o balance do traballo que vén realizando o Observatorio Galego de Dinamización Demográfica

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 16716 (12/POC-002805)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre as perspectivas de colaboración que ten a Xunta de Galicia ante a declaración por parte do Goberno central do pazo de Meirás e da illa de San Simón como lugares da memoria democrática

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 16719 (12/POC-002806)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Grueira Fernández, Nicole e 8 máis

Sobre o balance da última convocatoria das axudas da Xunta de Galicia para a mellora de explotacións agrarias e a incorporación da mocidade e persoas de entre 41 e 55 anos á actividade agrogandeira, así como sobre os beneficios que achega á xente nova esta liña de axudas

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2025

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego**, a través da súa portavoz, ao abeiro do disposto no artigo 122 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición de lei para a inclusión de cláusulas sociais e de igualdade na contratación pública e no réxime de axudas e subvencións**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No seu quefacer cotiá, de cara á satisfacción dos intereses xerais da sociedade galega, as Administracións Públicas, organismos e entes instrumentais integrantes do Sector Público, recorren habitualmente á contratación con empresas ou entidades privadas, así como á achega de subvencións e/ou sinatura de convenios de colaboración con entidades que, posteriormente, levarán a cabo actuacións necesarias destinadas a dar resposta ás múltiples necesidades da sociedade.

Neste sentido, as administracións públicas conforman un dos maiores axentes económicos de Galiza, a través da contratación e adquisición de bens, servizos e obras, e/ou co financiamento de proxectos a través de axudas públicas e subvencións.

Desta forma, o sector público galego é responsábel directo da xeración de milleiros de empregos e, con eles, das condicións laborais de milleiros de traballadoras e traballadores, ademais de exercer unha enorme responsabilidade noutros aspectos que inciden directamente na sociedade galega actual e futura: enfrontar a crise climática, garantir os dereitos lingüísticos da poboación,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

promover a igualdade e os dereitos de inclusión e de accesibilidade, entre outros. É dicir, a través da súa acción de contratación, de compra e de financiamento, as entidades públicas representan unha ferramenta estratéxica na promoción da igualdade real e efectiva entre mulleres e homes así como na normalización da lingua galega, ademais de constituír un importante instrumento de transformación cara á modelos de produción e consumo responsábeis e ambientalmente sustentables.

Neste senso, resulta non só necesario senón unha obriga introducir cláusulas sociais nos procesos de contratación pública e de subvencións.

Por outro lado, o corpo normativo vixente aplicábel en Galiza está composto de cantidade de lexislación substantiva en múltiples áreas que afectan transversalmente a toda a sociedade e que son, obviamente, de obrigado cumprimento. Referímonos, concretamente a aquelas normas que, decote, son adxectivadas, co apelativo de “sociais” por atinxir a toda a sociedade no seu conxunto e que deben ter o seu correlativo noutras disposicións e actos administrativos, co fin de conseguir a súa aplicación na práctica real diaria.

Baste citar como exemplo a Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galiza; a Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística; a Lei 10/2013, de 27 de novembro, de inclusión social de Galiza e tantas outras que, a miúdo, fican en simples normas desiderativas, de escasa ou nula aplicación práctica á hora de rexer os actos e disposicións do poder executivo galego; que son obxecto de circulación diaria e que atinxen e afectan á vida cotiá de todas as cidadás e cidadáns de Galiza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Trátase, en definitiva, de introducir cláusulas sociais en contratos, subvencións e convenios públicos para avanzar na actuación dunha Administración Pública realmente comprometida coa igualdade en equidade e involucrar a todos os operadores económicos na necesaria corresponsabilidade social.

Así mesmo, trátase de dotar de ferramentas ás empresas privadas para que coaduxen á consecución de logros sociais que as Administracións Públicas teñen encomendados conforme os obxectivos declarados en múltiples normas substantivas do noso Ordenamento Xurídico.

Con efecto, impulsar transversalmente, desde o sector público galego, unha serie de principios, valores e obxectos normativos que deben presidir os procesos e procedementos administrativos e integralos nos pregos de contratación, así como nas bases reguladoras, convocatorias e convenios propios das subvencións e axudas públicas coa finalidade de os facer efectivos fai proba do verdadeiro carácter democrático das institucións dun país.

Así o esixe, de feito, a lexislación europea a través da Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e o Consello do 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública, que recolle a inclusión de cláusulas sociais e de xénero nos contratos públicos e que foi trasposta ao ordenamento xurídico do Estado español a través da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Concretamente, o artigo 18.2 da citada Directiva 2014/24/UE considera un principio xeral de contratación o cumprimento, na execución dos contratos, das esixencias sociais, laborais e medioambientais que resulten aplicábeis.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asemade, cómpre facer referencia expresa á Disposición Adicional Cuarta da referida Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, onde se fai referencia aos contratos reservados, que permiten fixar “porcentaxes mínimos de reserva do dereito a participar nos procedementos de adxudicación de determinados contratos ou de determinados lotes dos mesmos a Centros Especiais de Emprego de iniciativa social e a empresas de inserción reguladas...” , que cumpran cos requisitos establecidos na normativa correspondente “ou unha porcentaxe mínima de reserva da execución destes contratos no marco de programas de emprego protexido, a condición de que a porcentaxe de traballadores con discapacidade ou en situación de exclusión social dos Centros Especiais de Emprego, das empresas de inserción ou dos programas sexa o previsto na súa normativa de referencia e, en todo caso, ao menos do 30 por cento”

Así mesmo, convén aludir aquí á Disposición adicional cuadraxésima oitava, referida á reserva de “certos contratos de servizos sociais, culturais e de saúde de determinadas organizacións”

Por outro lado, os artigos 25 e 25 bis) da Lei 14/2013, de racionalización do Sector Público Autonómico fan referencia, respectivamente á “Compra Pública Responsable” e ás “Reglas de utilización dos criterios de adxudicación baseados na calidade social e ambiental impostos pola normativa sectorial”. Ademais, por mor do punto V, apartado d) do Acordo do Consello da Xunta de Galiza de 24 de xullo de 2014, polo que se aproba o Código ético institucional da Xunta de Galiza, existe unha “Guía para unha contratación Pública socialmente responsable no sector público autonómico galego”. Con todo, resulta claramente





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

insuficiente, xa que Galiza non dispón dunha lexislación propia que desenvolva, no ámbito competencial galego e para o conxunto do noso sector público, a devandita normativa.

Diante desta situación, a presente lei busca introducir no ordenamento xurídico galego unhas directrices de carácter xeral que garantan a inclusión de cláusulas sociais nos procesos de contratación pública e de subvencións do sector público galego. De maneira específica, cláusulas de igualdade, de carácter ambiental e, tamén, referidas aos dereitos laborais das traballadoras e traballadores, así como aos dereitos lingüísticos. Porén, tal lei debe dar lugar ao correspondente Regulamento de desenvolvemento pormenorizado das directrices xerais contidas na presente Proposición de Lei.

Esta Proposición de lei divídese en catro capítulos, 12 artigos; tres disposicións adicionais; tres disposicións transitorias; dúas disposicións finais e unha disposición derradeira.

No Capítulo I contéñense as disposicións xerais relativas ao obxecto e ámbito de aplicación da lei, que abranguerá o conxunto do sector público autonómico galego. E establécese ademais que poderá ser aplicado por outras administracións como por exemplo as entidades locais ou as universidades.

Así mesmo, defínense as cláusulas sociais, entendidas como aquelas condicións de execución do contrato público que establece a lexislación ou o órgano de contratación nos pregos de prescricións administrativas particulares co obxectivo de promover, impulsar e/ou garantir obxectivos de política social. De maneira específica, desenvólvense cláusulas sociais en materia de igualdade, ambiental, lingüísticas e de dereitos laborais.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No Capítulo II, a través dos artigos 4 a 10, contéñense as directrices principais sobre as cláusulas sociais que deben rexer para os contratos do sector público da Comunidade Autónoma de Galiza. Así, o artigo 4 establece uns principios xerais aplicábeis a todas as cláusulas sociais en xeral e os artigos 5, 6, 7, 8, 9 e 10 regulan, respectivamente, as cuestións centrais referentes a cláusulas de igualdade; ambientais; referentes ás condicións laborais dignas; as que atinxen á inclusión socio-laboral de persoas con discapacidade e os contratos reservados como fórmula coadxuvante á referida inclusión social. Por último, mais non por iso de menos importancia, alúdese ás cláusulas lingüísticas, tan necesarias para preservar e impulsar o uso efectivo da lingua propia de Galiza na esfera económico-social, a través da contratación pública, tal e como estipula o Estatuto de Autonomía de Galiza e a Lei de normalización lingüística.

No Capítulo III contémplanse as directrices xerais para a inclusión de cláusulas sociais no réxime autonómico de subvencións.

Por último, o Capítulo IV contén as prescricións normativas para o caso de incumprimento das cláusulas de carácter social.

Conforme o anteriormente relatado, a Proposición de Lei contén tres disposicións adicionais, tres transitorias; dúas finais e unha disposición derradeira.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

CAPÍTULO I

Disposicións xerais. Obxecto e Ámbito de Aplicación

Artigo 1. Obxecto

Constitúe o obxecto da presente lei o desenvolvemento normativo na Comunidade Autónoma Galega, da normativa europea e estatal en materia de contratación pública e subvencións, con relación á inclusión de cláusulas de responsabilidade social, a través dun conxunto de directrices de carácter xeral que deberán ser aplicadas polo conxunto de administracións, organismos e entes que integran o sector público galego, no marco das competencias da Xunta de Galiza.

Artigo 2. Ámbito de aplicación

1. A presente lei será de aplicación a todos os órganos de contratación das entidades que integran o sector público autonómico galego: Administración da Xunta de Galiza, os seus organismos públicos, sociedades mercantís, fundacións do sector público e os consorcios adscritos á mesma b) As deputacións provinciais e os entes institucionais ou sociedades públicas delas dependentes.

2. Poderá ser tamén de aplicación nos seguintes ámbitos:

- a) As entidades locais e os entes institucionais e sociedades públicas delas dependentes.
- b) As universidades galegas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. A Xunta de Galiza prestará asesoramento e poderá asinar acordos de colaboración para a implantación progresiva do previsto nesta lei por parte das entidades locais e as universidades.

Artigo 3. Definición

A efectos da presente lei enténdese por cláusulas de responsabilidade social, aquelas condicións de execución do contrato público que establece a lexislación ou o órgano de contratación nos pregos de prescricións administrativas particulares -ou no propio obxecto do contrato- e que se tornan esixibles ás licitadoras, licitadores, contratantes ou persoas beneficiarias de subvencións públicas co obxectivo de promover, impulsar e/ou garantir obxectivos de política social.

CAPÍTULO II

Inclusión de cláusulas sociais nos contratos do sector público da Comunidade Autónoma de Galiza

Artigo 4. Cláusulas sociais na contratación pública

1. As administracións públicas utilizarán a contratación pública como instrumento para incorporar nos pregos de cláusulas administrativas particulares cláusulas sociais, dentro do respecto ao disposto na normativa básica en materia





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de contratación do sector público e tendo en conta a natureza do contrato e/ou a fase do procedemento do que se trate.

2. Para cumprir co disposto no apartado anterior, os pregos de cláusulas administrativas particulares, incorporarán, na medida do posible, requirimentos pormenorizados de carácter social no obxecto do contrato, nas especificidades técnicas así como nas condicións de execución do contrato.

3. Os devanditos requirimentos deberán ser redactados de maneira que calquera licitadora ou licitador dotado de solvencia técnica para a execución do contrato poida cumprilos de maneira que non poderán constituír especificacións técnicas, criterios de selección ou criterios de adxudicación encubertos, nin ter carácter discriminatorio.

4. As administracións públicas incorporarán unha cláusula contractual en todos os contratos públicos que estableza que as persoas ou entidades licitadoras, contratistas ou subcontratistas ou empresas filiais ou interpostas non poden realizar operacións financeiras en paraísos fiscais, fraude fiscal ou contra a facenda pública. Con tal fin, esixirase ás nomeadas persoas e/ou entidades, a achega da correspondente declaración responsable para os efectos oportunos.

5. As administracións públicas incluírán, asemade, na contratación pública cláusulas relativas ao cumprimento do principio de transparencia por parte das persoas ou entidades licitadoras na contratación con condicións xerais.

Estas cláusulas garantirán que se informa ás persoas consumidoras e destinatarias finais dos produtos e servizos, sobre os principais riscos económicos e xurídicos, así como do respecto aos seus dereitos —en particular, o relativo ao





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

tratamento e cesión de datos persoais. Tal información realizarase de forma suficientemente clara, precisa e comprensible.

6. As cláusulas sociais e de transparencia na contratación pública, así como os criterios éticos e regras de conduta aos que deben adecuar a súa actividade as persoas e entidades contratistas serán obxecto de desenvolvemento regulamentario, así como da elaboración de guías ou pregos de contratación que sirvan como modelos a seguir polas administracións, organismos e entes do Sector Público Autonómico Galego, con relación a súa inclusión e aplicación xeneralizada.

Artigo 5. Cláusulas de igualdade

1. O sector público galego deberá incorporar a perspectiva de xénero nos procesos de contratación pública.

2. O sector público deberá establecer condicións especiais de execución dos traballos obxecto do contrato relacionadas coa empregabilidade das mulleres e as súas condicións laborais e salariais así como de saúde laboral e prevención de riscos laborais con perspectiva de xénero; formación en materia de igualdade do cadro de persoal, formación e protocolos de prevención do acoso sexual e por razón de xénero, linguaxe e imaxes non sexistas nin discriminatorias; medidas de conciliación e co-responsabilidade, entre outras.

3. Os órganos de contratación establecerán nos pregos de cláusulas administrativas particulares a preferencia de adxudicación dos contratos das proposicións presentadas por aquelas empresas ou entidades que adoptasen





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

medidas dirixidas a evitar calquera tipo de discriminación laboral, garantir a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e a co-responsabilidade, entre outras, respectado o establecido na lexislación en materia de contratación pública e subvencións.

4. Os órganos de contratación deberán establecer os mecanismos de avaliación e seguimento que indiquen o grao de cumprimento e de efectividade das medidas valoradas no expediente de contratación pública.

Artigo 6. Cláusulas ambientais

1. O sector público galego deberá incorporar criterios ambientais nos procesos de compra e contratación pública a través das prescricións técnicas e cláusulas administrativas dos pregos.

2. Para tal fin, os órganos de contratación deberán ter en conta, como mínimo, as seguintes categorías de bens e servizos:

- a) Servizos de comedor
- b) Obra civil e de urbanización
- c) Téxtil e roupa de traballo
- d) Edificación
- e) Equipamentos informáticos
- f) Limpeza viaria
- g) Xestión de residuos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- h) Iluminación
- i) Subministro enerxético
- j) Xardinaría
- k) Mobiliario e material de oficina
- l) Vehículos
- m) Mensaxería
- n) Eventos
- o) Limpeza de edificios
- p) Servizos de catering
- q) Transporte público
- r) Papel
- s) Material hixiénico e absorbente
- t) Calquera outra susceptible de aplicación.

3. Os órganos de contratación deberán establecer os mecanismos de avaliación e seguimento que indiquen o grao de cumprimento e de efectividade das medidas valoradas no expediente de contratación pública.

4. A Xunta de Galiza impulsará a elaboración dunha estratexia de compra e contratación pública ambientalmente sostíbel. Esta estratexia terá un período de vixencia de cinco anos.

5. En todo caso, para o cumprimento das condicións e obrigas previstas nos apartados anteriores, nos pregos de prescricións técnicas dos contratos nos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que así proceda, definírase o medio de acreditación que demostre que os bens ou servizos obxecto do contrato son produtos ecolóxicos ou respectuosos co medio ambiente, conforme coas definicións e principios regulados nos artigos 3 e 4, respectivamente, do Real Decreto Lexislativo 1/2016, de 16 de decembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación ou norma equivalente que no futuro a substitúa.

Artigo 7. Cláusulas de condicións laborais e garantía do traballo digno.

1. As administracións públicas incluírán nos pregos de cláusulas administrativas particulares, criterios de carácter socio-laboral que operarán como criterios de adxudicación ou como condicións especiais de execución, como os seguintes:

a) A advertencia de que o contrato está suxeito ao cumprimento das disposicións legais, regulamentarias e convencionais vixentes que resulten de aplicación en materia laboral, de seguridade social e seguridade e saúde no traballo.

Para o caso de contratos que afecten a empresas con 50 ou máis traballadoras ou traballadores, deberán incluír a advertencia relativa ao cumprimento de, polo menos, a cota legal de reserva de postos de traballo para persoas con diversidade funcional ou discapacidade.

b) A indicación da obriga da persoa ou entidade adxudicataria de respectar, durante todo o tempo de execución do contrato, todas as condicións laborais e salariais recollidas no convenio colectivo sectorial e territorial





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

aplicable ou de referencia, agás que se establezan condicións máis beneficiosas.

c) A indicación da obriga por parte da persoa ou entidade adxudicataria, de subrogarse como empregadora nas relacións laborais.

O órgano de contratación deberá facilitar ás persoas licitadoras, no propio prego, a información sobre as condicións dos contratos das persoas traballadoras a quen afecte a subrogación para permitir a avaliación dos custes laborais que implicará esta medida, con salvagarda dos seus dereitos de protección de datos. Para estes efectos, a empresa que viñese efectuando a prestación obxecto do contrato a adxudicar e que teña a condición de empregadora das persoas traballadoras afectadas, estará obrigada a proporcionar a referida información, veraz e exacta, ao órgano de contratación, quen deberá requirila.

Así mesmo, deberá incorporarse no anuncio de licitación, así como nos pregos, a advertencia de que esa contratación está sometida á subrogación dos contratos de traballo de todas as persoas traballadoras que, malia pertencer a outra contrata, veñan realizando a actividade obxecto do contrato, quedando a nova empresa subrogada nos dereitos e obrigas laborais e de seguridade social da anterior.

d) Cando se contemple a posibilidade de que a persoa ou entidade adxudicataria contrate con terceiros a realización parcial do contrato, os pregos de cláusulas administrativas particulares incorporarán unha cláusula que regule a devandita posibilidade e recollerán expresamente que a persoa ou entidade contratista principal asumirá a total





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

responsabilidade da execución do contrato fronte a Administración, de conformidade co contido dos pregos de cláusulas administrativas particulares e dos termos do contrato, incluído o cumprimento das obrigas en materia social e/ou laboral.

e) A incorporación da obriga, por parte das persoas ou entidade licitadoras, de indicar o convenio colectivo sectorial de referencia , ou o estatuto profesional da persoa socia para o caso de cooperativas cuxos traballadores /as sexan socios, así como as condicións máis beneficiosas, se existiren, que serán de aplicación laboral ás persoas que realicen as actividades obxecto do contrato, para o caso de resultar adxudicatarias.

A información sobre o convenio colectivo que a persoa ou empresa adxudicataria declare aplicable ás persoas traballadoras que realicen a actividade obxecto do contrato, incluírase na resolución de adxudicación e publicarase no perfil da persoa ou entidade contratante.

f) A indicación dun cadro de persoal mínimo, expresado en número de persoas traballadoras e número de horas de traballo precisas para unha correcta prestación dos servizos. Tal cadro de persoal mínimo non poderá ser modificado unilateralmente pola entidade ou empresa contratista, sen prexuízo dos establecido na lexislación básica en materia de contratos públicos.

g) A indicación por parte das persoas ou entidades licitadoras de facilitar tanta información for requirida sobre as condicións de traballo que, unha vez adxudicado o contrato, se aplique de maneira efectiva, ás persoas traballadoras.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

h) O criterio legal da oferta economicamente máis vantaxosa á hora de adxudicar o contrato, terá en conta, non só o menor prezo, senón que deberá considerar tamén, a mellor relación custe-eficacia, sempre que este criterio non repercuta nun menoscabo das condicións salariais e socio-laborais das persoas traballadoras afectadas pola contratación -ou, no seu caso, subcontratación- e, asemade, satisfaga as condicións e calidade do servizo que se ofrece.

Artigo 8. Mellora da inclusión socio-laboral de persoas con discapacidade

1. En todos os contratos en que as persoas físicas sexan as destinatarias ou usuarias , xa for o público en xeral ou o persoal da Administración Pública contratante, as prescricións técnicas redactaranse de maneira que se teñan e conta a Convención das Nacións Unidas sobre os dereitos das persoas con discapacidade, así como os criterios de accesibilidade universal e de deseño universal ou deseño para todas as persoas, tal e como son definidas na lexislación vixente aplicable.

2. De conformidade co artigo 126.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, de non ser posible definir as prescricións técnicas tendo en conta criterios de accesibilidade universal e de deseño universal ou deseño para todas as persoas deberá motivarse suficientemente esta circunstancia.

3. Sen prexuízo do disposto no apartado anterior, sempre que existan requisitos de accesibilidade obrigatorios adoptados por un acto xurídico da Unión





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Europea, as especificacións técnicas deberán ser definidas por referencia a esas normas no que respecta aos criterios de accesibilidade para as persoas con diversidade funcional e/ou discapacidade.

4. Para o caso de contratos que afecten a empresas con 50 ou máis traballadoras ou traballadores, aplicarase en todo caso, o establecido no parágrafo segundo do artigo 7. 1 a) do presente texto legal.

5. En calquera caso, as administracións públicas, organismos e entes do Sector Público Autonómico de Galiza, promoverán a contratación de persoas con diversidade funcional ou con discapacidade nas empresas e entidades privadas, ademais de garantir, no ámbito do emprego público o seu acceso, coa inclusión e aplicación, como mínimo, das cotas de reserva legalmente establecidas, conforme o preceptuado no artigo nove da presente lei.

Artigo 9. Contratos Reservados

1. Conforme a Disposición Adicional Cuarta da Lei 9/2017, do 8 de novembro de Contratos do Sector Público –ou norma que eventualmente a substitúa no futuro- e mediante acordo do Consello da Xunta, ou das entidades locais, , fixaranse porcentaxes mínimas de reserva do dereito a participar nos procedementos de adxudicación e/ou na execución, de determinados contratos ou, dentro destes últimos, de determinados lotes a centros especiais de emprego de iniciativa social e a empresas de inserción, dentro do marco de programas de emprego protexido.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Os contratos reservados aos que se refire o apartado anterior estarán supeditados a que as entidades cumpran coas esixencias requiridas pola normativa que lle fose aplicable, así como pola porcentaxe mínima que esta sinala, de persoas traballadoras con discapacidade e/ou diversidade funcional, ou en situación de exclusión social.

3. A cualificación do contrato como reservado deberá constar no expediente administrativo, así como incluírse na definición do obxecto e na carátula onde figure o título do contrato.

4. A cualificación do contrato como reservado irá precedido dunha declaración responsábel da entidade ou empresa licitadora, sen prexuízo da necesidade de acreditar os requisitos de solvencia económica e técnica establecidos nos pregos do contrato.

5. Así mesmo, ao abeiro da disposición cuadraxésimo oitava da Lei 9/2017, do 8 de novembro de Contratos do Sector Público –ou norma que eventualmente a substitúa no futuro–, reservárase unha porcentaxe mínima para a participación nos procedementos de licitación daqueles contratos de servizos sociais, culturais e de saúde enumerados no Anexo IV da referida Lei de Contratos.

6. A través do correspondente desenvolvemento regulamentario, a Xunta de Galiza fixará as porcentaxes mínimas dos contratos reservados; os requisitos pormenorizados esixíbeis, así como o obxecto dos contratos aos que lle será aplicábel o sistema da contratación reservada, entre os cales se incluírán necesariamente as obras de conservación e os servizos de mantemento e conservación de bens inmobles; os servizos de mensaxería, correspondencia e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

distribución; artes gráficas; limpeza e lavandería; restauración; recollida e transporte de residuos; hostalaría; servizos sociais,; loxística; hospedaxe e turismo rural, así como os servizos e subministracións auxiliares para o funcionamento da Administración.

Artigo 10: Cláusulas lingüísticas .

1. Os órganos de contratación incluírán cláusulas lingüísticas que garantan o uso normal e oficial do idioma galego e a non discriminación polo seu uso durante a execución dos contratos, conforme o disposto no Estatuto de Autonomía de Galiza e demais lexislación aplicábel.

2. Dentro dos criterios de adxudicacións dos contratos introducíranse medidas de acción positiva conducentes a promover e normalizar o uso da lingua galega.

CAPÍTULO III

Inclusión de cláusulas sociais no réxime autonómico de subvencións

Artigo 11. Cláusulas sociais nas subvencións.

1. De conformidade co establecido no artigo 14 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galiza, o sector público galego autonómico incluírá





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cláusulas sociais nas bases reguladoras das subvencións que concedan no exercicio das súas competencias.

2. Para tal fin, as bases reguladoras da concesión da subvención incluírán requirimentos específicos de acceso e de valoración relativos, entre outros, á promoción da igualdade de xénero de maneira transversal, criterios ambientais, garantía dos dereitos lingüísticos e promoción da lingua galega, así como de garantía de dereitos laborais, entre outros.

3. Os devanditos requirimentos específicos deberán ser obxectivos, claros e concretos. Así mesmo, os órganos encargados de resolver os procesos de concesión deberán comprobar e verificar o cumprimento dos requirimentos así como deberán incluírse nas bases reguladoras das convocatorias as consecuencias do seu incumprimento.

4. Os requirimentos ou prescricións esixidas deberán aplicarse igualmente e en idénticos termos ás actuacións das entidades colaboradoras na xestión das subvencións, o que se instrumentará nos correspondentes convenios.

5. As cláusulas sociais e de transparencia nas subvencións, convenios e demais axudas públicas, así como os criterios éticos e regras de conduta aos que deben adecuar a súa actividade as persoas e entidades beneficiarias, serán obxecto de desenvolvemento regulamentario, así como da elaboración de guías que sirvan como modelos a seguir polas administracións, organismos e entes do Sector Público Autonómico Galego, con relación a súa inclusión e aplicación xeneralizada.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

CAPÍTULO IV

Incumprimento das cláusulas de carácter social

Artigo 12: Incumprimentos

1. As obrigas impostas no articulado da presente lei deben establecerse como condicións especiais de execución dos contratos e o seu cumprimento acreditarase durante a súa execución.

2. Os órganos de contratación deberán velar polo cumprimento das obrigas previstas na presente lei, establecendo nos pregos as consecuencias do seu incumprimento, que poderá dar lugar a penalidades, á prohibición de contratar dos empresarios ou empresarias, ou á resolución do contrato naqueles supostos en que o seu incumprimento se cualifique como infracción grave.

Disposición adicional primeira

Co obxectivo de dar cumprimento ao preceptuado no Capítulo II, no seu artigo 4, núm. 6 e no Capítulo III (artigo 11, núm. 5), a Xunta de Galiza, no prazo máximo de seis meses, contados a partir da entrada en vigor desta lei, aprobará o correspondente Regulamento de desenvolvemento da presente Lei, así como as guías oportunas para facilitar a aplicación xeral de cláusulas sociais na contratación pública e nas subvencións que vinculen a todas as administracións, organismos e entes do Sector Público Autonómico de Galiza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Disposición adicional segunda

Co fin de dar cumprimento ao disposto apartado 4 do artigo 6 do presente texto legal, a Xunta de Galiza aprobará, no prazo máximo de seis meses desde a entrada en vigor desta lei, a elaboración dunha estratexia de compra e contratación pública ambientalmente sostíbel. Esta estratexia terá un período de vixencia de cinco anos.

Disposición adicional terceira

Co fin de dar cumprimento ao preceptuado nos artigos 9 e 11.5 desta Lei, a Xunta de Galiza, no prazo máximo de seis meses, a contar deste o día seguinte da entrada en vigor da presente lei, aprobará o seu correspondente Regulamento de desenvolvemento.

Disposición transitoria primeira

A presente lei non será de aplicación a aqueles contratos adxudicados nin aos expedientes de contratación iniciados con anterioridade á súa entrada en vigor.

Disposición transitoria segunda

A partir da entrada en vigor da presente lei, as directrices contidas na presente lei serán directamente aplicábeis á contratación pública e ao réxime xeral de subvencións da administración pública autonómica.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Disposición transitoria terceira

Manterán plena validez legal as disposicións e instrucións aprobadas en materia de contratación pública polas entidades do sector público galego con anterioridade á entrada en vigor desta lei cando conteñan cláusulas sociais que cumpran co recollido nesta norma.

Disposición final única. Entrada en vigor

A presente lei entrará en vigor transcorridos tres meses da súa publicación no Diario Oficial de Galiza.

Disposición derradeira única. Habilitación regulamentaria

En concordancia co establecido nas disposicións adicionais desta lei, facúltase a Xunta de Galiza para ditar cantas disposicións regulamentarias sexan necesarias para o adecuado desenvolvemento desta norma.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ANTECEDENTES LEXISLATIVOS DA PROPOSICIÓN DE LEI PARA A INCLUSIÓN DE CLÁUSULAS SOCIAIS E DE IGUALDADE NA CONTRATACION PÚBLICA E NO RÉXIME DE AXUDAS E SUBVENCIONES

- Constitución española de 1978.
- Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galiza.
- Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e o Consello do 26 de febreiro de 2014.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galiza.
- Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a Igualdade Efectiva de Mulleres e Homes de Galiza.
- Lei 4/2006, de 30 de xuño, de Transparencia e Boas Prácticas na Administración Pública Galega.
- Lei 16/2010, de 17 de decembro, de Organización e Funcionamento da Administración Xeral e do Sector Público Autonómico de Galiza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Lei 14/2013, de 27 de decembro, de Racionalización do Sector Público Autonómico.
- Lei 3/1983, de 15 de xuño, de Normalización Lingüística.
- Lei 10/2013, de 27 de novembro, de Inclusión Social de Galiza.

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 20/01/2025 10:06:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Rosana Pérez Fernández, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonso, Cristina Fernández Davila, Secundino Fernández Fernández, Alexandra Fernández Gómez, Ariadna Fernández González, Xosé Manuel Golpe Acuña, Carmela González Iglesias, Oscar Insua Lema, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Brais Ruanova Vilas-Boas, Iago Suárez Fernández, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Iria Taibo Corsanego, Montserrat Valcárcel Armesto e Sonia Vidal Lamas**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia**, sobre as medidas a tomar para “Reconstruír” a Área Sanitaria de Vigo.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento se posicione canto antes sobre as medidas a tomar por parte da Xunta para “Reconstruír” a Área Sanitaria de Vigo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 16 de xaneiro miles de persoas manifestáronse polas rúas de Vigo pola “Reconstrución da Área Sanitaria de Vigo”, reclamando responsabilidades polas condicións nas que se fixo a licitación e construción do Hospital Álvaro Cunqueiro, e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

esixindo medidas para dotar a área sanitaria dos recursos humanos e materiais necesarios para conseguir unha asistencia sanitaria 100% pública e de calidade.

Unha área con moitas carencias polas decisións tomadas polo Partido Popular na Xunta, na dirección de condicionar a atención sanitaria da área de Vigo, para garantir a súa dependencia da sanidade privada. Nesa dirección foi a redución de camas, servizos e prestacións do hospital Álvaro Cunqueiro e a infrautilización doutras infraestruturas como o hospital Meixoeiro, para seguir mantendo un concerto millonario con Povisa.

Esixen responsabilidades políticas por facer que o conxunto da cidadanía pague 470.469.422 euros de máis á sociedade concesionaria, facer un hospital máis pequeno, que non responde ás necesidades da Área Sanitaria, por manter, e incluso aumentar, o negocio da sanidade privada na Área

Denuncian que coa construción do Hospital Álvaro Cunqueiro non se lograron acadar completamente os obxectivos fixados polo Plan funcional inicial. Non se construíron as estruturas necesarias de Atención Hospitalaria, para poder atender con calidade ao 100% da cidadanía, de 2.000 camas hospitalarias previstas no conxunto da área sanitaria pasamos a un máximo de 1.366. Tampouco se reforzou a Atención Primaria coa creación de novos centros de saúde e ampliación de outros, nen se conseguiu a diminución do peso da sanidade privada na área.

As consecuencias son evidentes: unhas intolerables listas de agarda para consultas, probas complementarias, exploracións e intervencións cirúrxicas, servizos hospitalarios sen o cadro de persoal e espazos suficientes para dar resposta ás necesidades da cidadanía e unha carteira de servizos incompleta para manter o negocio da sanidade privada. A saturación no servizo de urxencias do hospital por un deseño insuficiente, con ademais unha Atención Primaria debilitada, con listas de agarda que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

superan en moitos casos os 10 ou 15 días, e moitas persoas sen profesional da medicina de familia ou da pediatría que poida atendelos. A sobrecarga de profesionais, insuficientes para dar resposta á cronicidade e á dependencia, con atraso no seguimento de patoloxías crónicas e dificultade para garantir unha atención de calidade a persoas dependentes.

Denuncian tamén que unha parte da poboación da Área Sanitaria teña que ser atendida en POVISA, cun concerto económico sen transparencia, e sen alternativa pública neste momento, para poder revertir esta situación, mentres que con cartos públicos seguen a encher as carteiras dos accionistas dos fondos de investimento estranxeiros que son propietarios do Hospital Álvaro Cunqueiro e do hospital Ribera-POVISA.

O BNG fai públicas as súas peticións que recollemos na seguinte proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a tomar todas as medidas para dotar a Área Sanitaria de Vigo dos recursos precisos para garantir unha atención de calidade ao conxunto da poboación da mesma na sanidade pública:

1.- Poñer en marcha todas as accións precisas para rescatar o hospital Álvaro Cunqueiro para o ámbito do Público.

2.- Ampliación do Hospital Álvaro Cunqueiro co que non se construíu e que figuraba no proxecto funcional inicial. Edificio anexo ás velas actuais, no que se restituían cos metros e camas previstos:

a)Unidade de Coidados Mínimos.

b)Unidade de Docencia e Investigación





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

c) Unidade de Rehabilitación

3.- Poñer a pleno rendemento as 422 camas do Hospital do Meixoeiro e as 117 do Hospital Nicolas Peña.

4.- Creación dun Servizo de cirurxía Máxilo-Facial completo e funcional e dunha Unidade de Queimados na sanidade pública.

5.- Recuperación da Atención Primaria, con aumento da inversión, analizando as necesidades de recursos, tanto humanos como estruturais, dos centros de saúde e dos Puntos de Atención Continuada (PACs).

6.- Reordenación asistencial da área de Vigo, coa construción dun Centro de Alta Resolución (CAR) coas especialidades máis demandadas pola poboación, no centro de Vigo, e outro no Morrazo ao igual que a ampliación do Centro de Saúde de Cangas, e construción do do Hío.

7.- Integración de toda a actividade asistencial de Galaria no Sergas.”

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 20/01/2025 19:00:43

Mercedes Queixas Zas na data 20/01/2025 19:01:01





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Rosana Pérez Fernández na data 20/01/2025 19:01:10

Daniel Pérez López na data 20/01/2025 19:01:17

Iria Carreira Pazos na data 20/01/2025 19:01:26

Iria Taibo Corsanego na data 20/01/2025 19:01:33

Olalla Rodil Fernández na data 20/01/2025 19:01:43

Daniel Castro García na data 20/01/2025 19:01:53

Montserrat Valcárcel Armesto na data 20/01/2025 19:02:04

Iago Suárez Fernández na data 20/01/2025 19:02:13

Noa Presas Bergantiños na data 20/01/2025 19:02:23

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 20/01/2025 19:02:35

Sonia Vidal Lamas na data 20/01/2025 19:02:47

Secundino Fernández Fernández na data 20/01/2025 19:02:58

José Manuel Golpe Acuña na data 20/01/2025 19:03:21

Ramón Fernández Alfonso na data 20/01/2025 19:03:26





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Óscar Insua Lema na data 20/01/2025 19:03:34

Luis Bará Torres na data 20/01/2025 19:03:41

Ariadna Fernández González na data 20/01/2025 19:03:49

Cristina Fernández Davila na data 20/01/2025 19:03:56

Carmela González Iglesias na data 20/01/2025 19:04:06

Paulo Ríos Santomé na data 20/01/2025 19:04:14

Alexandra Fernández Gómez na data 20/01/2025 19:04:23

María Montserrat Prado Cores na data 20/01/2025 19:04:31





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Paloma Castro Rey, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro** a través do voceiro e ao abeiro do disposto nos artigos 160 e seguintes do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

A Lei orgánica 1/2004, no seu título V, Protección xudicial, fai referencia por primeira vez, dentro da organización xudicial, aos Xulgados de Violencia sobre a Muller como xulgados especializados con poderes penais e civís sobre os actos constitutivos de delitos de violencia de xénero.

En Galicia existen unicamente 2 destes Xulgados nos partidos xudiciais de A Coruña e Vigo, no resto dos territorios e por habilitación do Consello Xeral do Poder Xudicial se acordou que o coñecemento destes asuntos corresponde con carácter preferente a un dos Xulgados de Instrución ou de Primeira Instancia e Instrución, no seu caso, compatibles estas funcións coas do resto da orde xurisdiccional penal ou penal-civil do seu distrito xudicial.

En Galicia a adaptación a lei estatal, e a regulación destes aspectos fíxose a través da Lei 11/2007, de 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

En consecuencia estes Xulgados se atopan moitas veces nunha situación complicada por varios motivos:

-1º. Reciben unha elevada carga de traballo e debido á natureza dos procedementos que alí se tramitan os horarios de traballo se alongan máis do regulamentariamente esixido, rematando moitas veces pola tarde.





-2º Moitos destes funcionarios non recibiron formación específica ou suficiente en materia de igualdade que lles habilite para dar un trato axeitado e correcto ás vítimas

-3º Moitas destas sedes xudiciais non contan con espazos que garantan a privacidade da vítima.

Os orzamentos 2025 prevén unha dotación orzamentaria de 100.000 € para a adecuación das sedes xudiciais ás vítimas o que é claramente insuficiente.

Dende o grupo socialista cremos que o goberno da Xunta ten que levar a cabo un plan de acondicionamento e mellora dos xulgados galegos que coñecen en materia de violencia de xénero, dotalos de mais persoal e compensar economicamente aos mesmos pola carga de traballo e as características dos procedementos que alí se desenvolven que fai que o horario laboral se estenda máis do regulamentariamente previsto.

A maiores e para cumprir coas recomendacións establecidas no pacto de Estado é necesario formar ao funcionariado asignado a estes xulgados, en materia de igualdade e perspectiva de xénero co fin de favorecer o trato ás vítimas e a forma de tramitación dos procesos.

Por ilo, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Incrementar o persoal funcionario de xustiza nos xulgados que coñecen asuntos de violencia de xénero, sexa ou non de forma exclusiva, e establecer unha compensación económica que incentive a ocupar estas prazas, en compensación pola carga de traballo.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 16613
Data envío: 09/01/2025 17:49:40,399

2. Facer obrigatoria a participación en cursos de formación en materia de igualdade para todo o persoal de xustiza que queira estar adscrito aos xulgados que coñecen en materia de violencia de xénero
3. Levar a cabo un plan de acondicionamento e mellora dos xulgados galegos que coñecen en materia de violencia de xénero, de forma non exclusiva, co fin de adecuar estas sedes xudiciais ás características recomendadas polo Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 09/01/2025 17:41:04

Elena Espinosa Mangana na data 09/01/2025 17:41:13

Silvia Longueira Castro na data 09/01/2025 17:41:21

José Ramón Gómez Besteiro na data 09/01/2025 17:41:29

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

58711

@PSdeG



CSV: B0P1S1R0D3g0F1Ew4k1B-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Paloma Castro Rey** e **Patricia Iglesias Rey**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente coñecíamos a intención do Goberno de España de protexer o Pazo de Meirás e a Illa de San Simón declarando os mesmos coma “Lugares da Memoria Democrática”.

Esta medida tómase ao amparo dos artigos 49 ao 53 da Lei de memoria democrática que permite ás administracións públicas protexer certos lugares, definidos coma espazos nos que se desenvolveron feitos de singular relevancia pola súa significación histórica, vinculados á memoria democrática.

Ao noso entender a Illa de San Simón e o Pazo de Meirás cumpren sobradamente estes requisitos como así o reivindicamos dende o Grupo Socialista en reiteradas ocasións, polo que deben blindadas e destinadas a fins ou actividades que permitan preservar na memoria colectiva os desastres da guerra e da ditadura.

O Goberno galego ten a obriga de contribuír a esta preservación, colaborando co Estado e impulsando as actividades que nestes espazos se desenvolvan.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 16712
Data envío: 10/01/2025 16:45:35.331

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento insta á Xunta de Galicia a apoiar a declaración por parte do Goberno do Estado do Pazo de Meirás e a illa de San Simón coma Lugares de Memoria e contribuír co mesmo nesta preservación, colaborando e impulsando as actividades que nestes espazos se desenvolvan.

Santiago de Compostela, a 10 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 10/01/2025 16:42:15

Patricia Iglesias Rey na data 10/01/2025 16:42:23

José Ramón Gómez Besteiro na data 10/01/2025 16:42:33





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Ernesto Abalde Alonso** e **Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Unhas das características que distingue ao **SUG** doutros sistemas universitarios autonómicos é a intensa colaboración entre as tres institucións públicas galegas en programas formativos e de investigación así como na creación de estruturas e uso de infraestruturas conxuntas. Un número importante dos mestrados do **SUG** son interuniversitarios e son impartidos por dúas ou as tres universidades galegas e se imparten actualmente dous graos interuniversitarios entre a **UDC** en unha das outras universidades, a **USC** no caso de Paisaxe e a **UVIGO** en Relacións Internacionais

No ámbito da investigación o **SUG**, ademais da participación de grupos de investigación en proxectos interuniversitarios e utilización conxunta de infraestruturas científicas, dispón de tres institutos universitarios de investigación nos que traballan investigadores das tres universidades, sendo unha das fortalezas do noso **SUG** que potencia e fai mais competitivo o **I+D+i** realizado polas tres universidades públicas de Galicia.

Estes institutos de investigación interuniversitarios son, por orde cronolóxico de creación, o **IMATI**, o **CISPAC** e o **Ecobas**.

IMATI, Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia, creado no ano 2021, agrupa a 106 investigadores vinculados, 40 investigadores en





formación e 20 tecnólogos e persoal de apoio. Capta anualmente 1.2 M€ en convocatorias competitivas e 0,8 M€ en convenios con empresas.

CISPAC, Centro de Investigacións Interuniversitario das Paisaxes Atlánticas Culturais, creado no ano 2021, agrupa a 108 investigadores vinculados, 164 investigadores en formación, 36 Investigadores postdoutorais e 21 tecnólogos e persoal de apoio. Capta anualmente 1.3 M€ en convocatorias competitivas e 0,6 M€ en actividades de transferencia empresas.

EcoBas, Centro de Investigación en Economía Circular, creado no ano 2022, agrupa a 84 investigadores vinculados, 22 investigadores en formación, 8 Investigadores postdoutorais e 2 tecnólogos e persoal de apoio. 4,9 M€ captado entre o 2020 a 2022 polo persoal adscrito ao centro en convocatorias competitivas e actividades de transferencia empresas.

Sen embrago, a súa natureza de centros interuniversitarios complica de forma dramática a xestión económica, debido a que cada proxecto ten que adscribirse a universidade a que pertencen os IPs dos proxectos, unha das tres universidades do SUG. Igualmente complica a solicitude de convocatoria coa natureza xurídica do centro que non é independente da de cada universidade. Polo tanto é necesario dispoñer de un mecanismo que aporte unha natureza xurídica propia que permita permitir autonomía e flexibilidade de xestión e inclusión das tres universidades que aportan o persoal investigador e a instalacións científicas. Esta figura xurídica, entidade de xestión, non debería depender de unha institución universitaria polo que sería necesario que a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP, directamente ou a través de algún organismo dependente, como GAIN, impulse este estrutura de xestión que agrupe os tres centros de investigación interuniversitario e as tres universidade públicas de SUG.





Igualmente, as convocatorias de Centros CIGUS e os indicadores de avaliación están deseñados para os centros de investigacións de cada universidade e non están adaptados as características de estes centros interuniversitarios, que son unha fortaleza do noso SUG.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Promover unha entidade de xestión similar, dependente da Consellería ou organismo de xestión da investigación da Consellería, como pode ser GAIN, coa participación das tres universidades onde se integren os tres institutos de Investigación Interuniversitarios e teña consideración de medio propio para permitir a xestión dos fondos dos proxectos de investigación dos IP vinculados así como os fondos de xestión propios e persoal de tecnólogos e administración propio dos institutos interuniversitarios.
2. Incluír unha categoría diferenciada, con criterios de avaliación e asignación orzamentaria específica, para os Centros de Investigación Interuniversitarios dentro da Convocatoria de Centros de Excelencia na rede CIGUS de Galicia.

Santiago de Compostela, a 13 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 13/01/2025 12:11:07





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 12:19:23
Nº Rexistro: 16887
Data envío: 13/01/2025 12:19:23.272

Silvia Longueira Castro na data 13/01/2025 12:11:16

José Ramón Gómez Besteiro na data 13/01/2025 12:11:24

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**

58717

@PSdeG



CSV: B6P5TRBGAQIEK30H12-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **María Elena Espinosa Mangana, Carlos López Font e Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación da falta de pediatras en Lalín é moi preocupante.

Ao longo e ancho da xeografía de Galicia veñen producindo vacantes e baixas non cubertas pero tamén unha falta xeneralizada de médicos desta especialidade.

E a realidade que vivimos volveuse complexa porque se arrastra desde hai anos. Pero o que é peor. Esta escaseza de pediatras en atención primaria, nun territorio disperso como Galicia, é un mal que estando identificado polo Goberno Gallego non se lle dá solución, máis aló de situacións moi puntuais ou desgraciadamente onde se producen grandes actuacións contestarias. E non queremos que isto sexa o que suceda en Lalín. O que queremos é unha solución definitiva e permanente aos problemas que teñen porque responden a unha problemática real. Necesidade de resposta que non é a primeira vez que se expón.

Temos en Galicia 194 concellos nos que non dispoñen de pediatra ou se o prefiren, segundo os últimos datos dispoñibles son 11.478 menores que non teñen pediatra asignado.

E a situación Lalín é que, a día de hoxe, segue existindo unha vacante de pediatría sen cubrir desde hai meses e previsiblemente atopémonos, a curto prazo, con outra praza sen cubrir debido a unha baixa de longa duración por maternidade.





Diciamos que non é a primeira vez que tratamos de buscar resposta por parte da Xunta de Galicia, ao problema de falta de atención pediátrica que teñen Lalín, e aínda que poida variar un pouco o escenario no que nos movemos, a realidade é sempre a mesma: falta de prazas de pediatras, non cobertura de vacantes, non cobertura de baixas..... E todo iso conleva longas esperas que poden alcanzar os 15 días e conleva tamén, entre outras moitas mais cousas, sobrecarga de traballo dos outros facultativos.

Lembrar tamén que devanditos facultativos teñen que atender a outros concellos limítrofes polo que a súa dedicación en Lalín non é o 100 % da xornada.

E os veciños e veciñas de Lalín viven en primeira persoa os excesivos tempos de espera tanto na modalidade presencial como telefónica.

E esta situación pode levar á saturación de urxencias, cando algunhas veces non é realmente unha atención de urxencia, pero os pais e nais necesitan que se atenda ao seu fillos e fillas e soamente quédanlle dúas opcións: ou ir a urxencias ou acudir a unha consulta privada.

É necesaria unha solución e a non solución desta situación poñerá de manifesto, a nula vontade política do Goberno da Xunta de Galicia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que o máis axiña posible:

1. Cubra a vacante de pediatría no centro de saúde de Lalín.
2. Cubra as baixas laborais que poidan producirse de pediatras no centro de saúde de Lalín.

Santiago de Compostela, a 13 de xaneiro do 2025





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 12:21:20
Nº Rexistro: 16893
Data envío: 13/01/2025 12:21:20.648

Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 13/01/2025 12:17:02

Carlos López Font na data 13/01/2025 12:17:11

Silvia Longueira Castro na data 13/01/2025 12:17:20

José Ramón Gómez Besteiro na data 13/01/2025 12:17:30

CSV: B6P1S1R8D3H2E1V03B625
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

58720

@PSdeG



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Roberto Rodríguez Martínez, Elena Candia López, Borja Vereza Fraiz, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

A mediados de 2024 o secretario de Estado de Transportes e Mobilidade Urbana, visitou as obras do tramo Palas de Rei-Melide da autovía entre Lugo e Santiago (A-54), anunciando que o vial estaría finalmente rematado en 2024, e que o treito Melide-Arzúa finalizaría no ano 2025. Ademais dos atrasos acumulados ao longo de anos de anuncios sucesivos e de cronogramas pouco fiables, a realidade é que a apertura do apertura do tramo entre Melide e Palas de Rei, previsto nas últimas intencións do Goberno central para antes de que rematara o 2024, non vai evitar o paso polos núcleos de Melide e Arzúa, xerando unha situación de colapso e falta de seguridade viaria á que se unen a falta de transparencia sobre a situación dos diferentes tramos.

Tratándose dunha das infraestruturas de conexión interior de Galicia moi necesaria, resulta que o Goberno central segue sen priorizala como corresponde entre os seus proxectos, confirmándose unha vez máis a falla de interese pola mellora das Infraestruturas estatais en Galicia. 25 anos despois de comezar esta obra a falta de compromiso do Estado tanto con esta estrada coma co resto das infraestruturas galegas dependentes do Estado é clamoroso, con actuacións de emerxencia cando a situación é insostible en lugar de acometer plans integrais que garantan que Galicia teña unha rede de estradas nacionais segura e ben conservada.

Desde o Executivo que preside Pedro Sánchez primeiro se comprometeron á posta en servizo da autovía coincidindo co ano Santo Xacobeo, despois en 2024 e, máis recentemente atrasan esa cifra ata finais do ano 2025, data que estamos certos de que tampouco se cumprirá.

É polo que o Grupo Parlamentario Popular formula a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España e demandarlle a posta en servizo do tramo Arzúa-Melide da autovía A-54 neste 2025 e a que adopte de xeito inmediato as medidas necesarias para garantir a seguridade viaria no núcleo urbano de Melide en tanto non se poña en marcha o tramo Arzúa-Melide”.



Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 13/01/2025 12:52:40

Roberto Rodríguez Martínez na data 13/01/2025 12:53:02

Elena Candia López na data 13/01/2025 12:53:19

Borja Vereza Fraiz na data 13/01/2025 12:53:36

Carmen Pomar Tojo na data 13/01/2025 12:53:39

José Luis Ferro Iglesias na data 13/01/2025 12:54:07

María Deza Martínez na data 13/01/2025 12:54:58

Rubén Lorenzo Gómez na data 13/01/2025 12:55:11

Argimiro Marnotes Fernández na data 13/01/2025 12:55:28

Gonzalo Trenor López na data 13/01/2025 12:55:42

Katherinie Varela Fernández na data 13/01/2025 12:55:58

Cristina Campero Dorado na data 13/01/2025 12:57:15

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e **Óscar Insua Lema**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a creación pola Xunta de Galiza dun servizo público para a realización de conciliacións previas á vía xurisdiccional civil.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 3 de xaneiro publicouse no Boletín Oficial do Estado (núm.3) a Lei Orgánica 1/2025, de 2 de xaneiro, de medidas en materia de eficiencia do Servizo Público de Xustiza, na que por unha banda, se acomete unha importante reforma organizativa da Administración de Xustiza en todos os seus ámbitos; e por outra se introducen modificacións de consideración para a axilización da tramitación dos procedementos xudiciais e para potenciar a negociación entre as partes en conflito para, principalmente, evitar a xudicialización das controversias entre particulares, ou para promover a finalización mediante acordo das xa iniciadas en sede xudicial.

A Lei Orgánica 1/25 establece como requisito de procedibilidade, con carácter xeral, na orde xurisdiccional civil para que sexa admisíbel a demanda a obrigatoriedade de acudir previamente a algún medio acaído para a solución de controversias. Así, xunto coa demanda deberá achegarse documentación acreditativa do intento de solución realizado, debendo existir identidade entre o obxecto da negociación intentada e do litixio.

A lei non contempla un número pechado de modalidades de negociación previa á vía xurisdiccional civil, permitindo recorrer tanto a sistemas de autocomposición como





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de heterocomposición, tales como a mediación, conciliación, opinión de experta independente, proceso colaborativo...

Ao tempo que introduce con carácter preceptivo a necesidade de recorrer ao intento de solución pactada das controversias civís, establece a existencia de mecanismos públicos para a solución de conflitos de aceso gratuito para as partes.

E por iso que dende o Grupo Parlamentar do BNG vimos presentar a seguinte proposición non de lei para o seu debate e aprobación en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

- 1.- Creación dun servizo público e gratuito para a xestión das conciliacións ou outros mecanismos de solución de conflitos previos á vía xurisdiccional civil,
- 2.- Compensar os servizos profesionais prestados a beneficiarias do dereito de xustiza gratuita para a solución de conflitos; cando menos, nos casos de que o recurso a tal mecanismo sexa requisito de procedibilidade para o aceso á vía xurisdiccional civil.”

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Óscar Insua Lema

Deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 13/01/2025 13:34:53

Óscar Insua Lema na data 13/01/2025 13:35:06

Ana Pontón Mondelo na data 13/01/2025 13:35:14





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Iria Taibo Corsanego**, **Iria Carreira Pazos**, **Montserrat Prado Cores** e **Mercedes Queixas Zas** e do deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a situación da lingua galega nas subcontratas do SERGAS.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Pasaron máis de 40 anos desde a aprobación da Lei de normalización lingüística, que indica entre os seus obxectivos para o ámbito da sanidade pública e privada:

- Lograr que todos os dispensadores de servizos sanitarios e asistenciais teñan coñecemento de galego abondo para poderen practicar a Oferta positiva nesta lingua.
- Garantir o cumprimento dos dereitos lingüísticos dos usuarios de servizos sanitarios e asistenciais.
- Promover a normalización do uso da lingua galega nas empresas privadas dispensadoras de servizos sanitarios e asistenciais.
- Garantir o cumprimento dos dereitos lingüísticos dos usuarios de servizos sanitarios e asistenciais.

Os obxectivos específicos para esta área son:

- Garantir o dereito dos cidadáns galegos a que a atención e prestación de servizos sanitarios





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

e asistenciais sexan na lingua propia do país.

- Asegurar que ningún cidadán galego se sinta discriminado ou obstaculizado por utilizar o galego nas súas relacións coas institucións sanitarias, respectando os seus dereitos lingüísticos e culturais.

E as medidas que establece o PXNL para esta área:

- 5.1.1. Establecer con claridade os dereitos lingüísticos dos usuarios dos servizos de sanidade e as correspondentes obrigas do persoal sanitario.

- 5.1.2. Elaborar un Manual dos Servizos de Recepción para o uso cotián na asistencia sanitaria.

- 5.1.3. Campaña de información entre os usuarios da sanidade para que coñezan o seu dereito a que os atendan en galego.

- 5.1.4. Campaña de información entre os profesionais da medicina pública e privada verbo da utilidade terapéutica de utilizar a lingua do paciente, os dereitos do usuario a que o atendan en galego e invitándoos a practicar a Oferta positiva cos seus pacientes.

- 5.1.5. Crear un premio anual de recoñecemento a aqueles establecementos sanitarios que máis se destaquen na tarefa da normalización lingüística.

- 5.1.6. Establecer cláusulas a prol da normalización lingüística nas distintas modalidades de contrato para a prestación de servizos sanitarios que subscribe o Servizo Galego de Saúde con entidades privadas.

Ademais disto, a diagnose do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega indica entre os puntos débiles no ámbito da sanidade que se constata “unha gran





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

dificultade para a normalización do galego na sanidade privada”, polo que entendemos que será preciso facer un esforzo especial neste sector.

A Carta Europea de Linguas Rexionais e Minorizadas, tratado internacional ratificado polo Reino de España en 2001, cuxo artigo dedicado á sanidade establece que os estados membros se comprometen a “asegurar que os servizos sociais como hospitais, residencias de anciáns e albergues ofrecen a posibilidade de recibir e atender na súa propia lingua empregando unha lingua rexional ou minoritaria a aqueles que precisen coidados por mor de enfermidade, a idade ou outras razóns”.

A situación da lingua galega nas empresas privadas que contratan servizos sanitarios co SERGAS é moi precaria, practicamente inexistente, polo que consideramos que o goberno galego debe establecer algún mecanismo de control das obrigas destas empresas neste ámbito e de protección dos dereitos lingüísticos da cidadanía.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta o goberno galego a desenvolver no prazo máximo de 1 ano as seguintes medidas, contempladas no Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega do ano 2004:

Establecer con claridade os dereitos lingüísticos dos usuarios dos servizos de sanidade e as correspondentes obrigas do persoal sanitario.

1. Elaborar un Manual dos Servizos de Recepción para o uso cotián na asistencia sanitaria nas empresas que subscriben contratos co Servizo Galego de Saúde para a prestación de servizos sanitarios.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Pór en marcha unha campaña de información entre os usuarios da sanidade privada para que coñezan o seu dereito a que os atendan en galego.

3. Pór en marcha unha campaña de información entre os profesionais da medicina privada verbo da utilidade terapéutica de utilizar a lingua do paciente, os dereitos do usuario a que o atendan en galego e invitándoos a practicar a Oferta positiva cos seus pacientes.

4. Crear un premio anual de recoñecemento a aqueles establecementos sanitarios privados que máis se destaquen na tarefa da normalización lingüística.

5. Establecer cláusulas a prol da normalización lingüística nas distintas modalidades de contrato para a prestación de servizos sanitarios que subscribe o Servizo Galego de Saúde con entidades privadas.”

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Iria Taibo Corsanego**

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Mercedes Queixas Zas

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 14/01/2025 11:02:47

Iria Carreira Pazos na data 14/01/2025 11:33:53

María Montserrat Prado Cores na data 14/01/2025 11:34:09

Mercedes Queixas Zas na data 14/01/2025 11:34:54

Daniel Castro García na data 14/01/2025 11:35:43

Olalla Rodil Fernández na data 14/01/2025 11:36:02





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada e dos deputados **Montserrat Valcárcel Armesto, Secundino Fernández Fernández, Luis Bará Torres e Brais Ruanova Vilas-Boas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza conta cunha superficie forestal de preto de dous millóns de hectáreas, e a actividade forestal en Galiza xera oportunidades e valor, distribuída entre os miles de silvicultores e centos de comunidades veciñais que venden madeira ao ano. En 52 dos 313 concellos galegos, a industria de base forestal representa máis do 30 % dos establecementos industriais.

Con esta necesidade, creouse a Axencia Galega da Industria Forestal (XERA) no ano 2017, como unha axencia pública autonómica adscrita, en principio, á consellería de industria, logo a de medio rural e, neste pasado 2024 logo da ameaza de peche, volveuse a adscribir de novo a Consellería de Industria.

Pero, Galiza, para liderar a economía baseada no recurso forestal, precisaría que se primase un enfoque con base na innovación e na mellora tecnolóxica que, obviamente, necesitará de investimentos tanto en I+D como en dotar a man de obra de coñecementos e medios tecnolóxicos. E, para lograr e manter calquera resultado de desenvolvemento sectorial que comporte innovacións relevantes, dependese da capacidade de múltiples actores interconectados (Xunta, sociedade civil, sector privado





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

e empresas individuais, universidades e centros tecnolóxicos, etc.) que traballen xuntos de maneira efectiva. Este conxunto de actores interconectados que consegue que as ideas innovadoras se xeren, se desenvolvan, proben e, en última instancia, se apliquen na mellora sectorial é un “ecosistema”, non é a mera suma das súas partes.

E, aí a Axencia Galega da Industria Forestal (XERA) podía ser un instrumento de xestión eficiente para o impulso da actividade económica asociada á industria forestal, coa mellora da competitividade e da innovación das empresas do sector e coa coordinación dos centros de investigación e tecnolóxicos vinculados á industria forestal.

A día de hoxe, desde o Grupo Parlamentar do BNG observamos con preocupación como os obxectivos marcados para a Axencia Xera non teñen o impulso necesario desde o Goberno da Xunta de Galiza e, varios deles consideramos que entran incluso en contradición coas políticas executadas. En maio do 2024 fixeramos unha pregunta ao goberno, cando se tomou a decisión da supresión da Axencia, e, posteriormente houbo unha rectificación por parte do goberno incluíndo de novo a Xera na Consellería de Industria, pero pasados os meses vemos con preocupación como segue a ter un papel pouco relevante e que os obxectivos propostos non se están a cumprir e, incluso no caso da investigación, estanse a dar pasos para atrás.

Ademais, se analizamos a evolución temporal das dúas últimas décadas, vemos como a contribución do sector ao produto interior bruto perde peso desde o ano 2000. E, a facturación dos produtos finais da industria da Galiza xerados a partir da madeira galega descendeu 19,3% entre os anos 2006 e 2024, segundo os datos do informe da cadea forestal-madeira da Galiza 2023-2024. Os datos reflicten que a facturación da chamada segunda transformación da madeira pasou de 742 millóns de euros en 2006 a 599 en 2024. Con respecto a 2023 —cando as vendas foron de 605 millóns de euros—, a mingua no 2024 foi do 1% despois dun descenso de 6 millóns de euros.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Consideramos que o futuro do sector forestal necesita un impulso con diferentes puntos de apoio e que teña en conta o potencial de explotar as sinerxías entre as distintas partes deste.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta a potenciar a Axencia Galega da Industria Forestal (XERA) e a fortalecer a coordinación desta coa consellaría do medio rural, co ecosistema investigador e coas entidades profesionais e empresariais para impulsar as grandes transformacións que precisa o sector forestal galego. Incidindo especialmente en potenciar a investigación en mellora xenética e sanidade forestal, na innovación forestal, xestión forestal, instrumentos de financiamento, nos produtos de segunda transformación (produtos tradicionais e novos produtos) e na construción en madeira.”

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Montserrat Valcárcel Armesto**

Secundino Fernández Fernández

Brais Ruanova Vilas-Boas

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 14/01/2025 10:53:14

Montserrat Valcárcel Armesto na data 14/01/2025 10:53:25

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 14/01/2025 10:53:35

Secundino Fernández Fernández na data 14/01/2025 10:53:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Mercedes Queixas Zas** e **Cristina Fernández Davila**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a necesidade de facer pública a programación do Ano Castelao dirixida ao público escolar neste 2025.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O goberno galego declarou o ano 2025 como Ano Castelao co gallo do 75 cabodano da súa morte.

Esta celebración ten como obxectivo contribuír ao coñecemento e divulgación da vida e da obra da máxima referencia política, intelectual e cultural contemporánea na construción da conciencia nacional galega.

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude ten anunciado un amplo catálogo de actividades para contribuír ao recoñecemento de Castelao entre a sociedade galega de hoxe.

Un pilar fundamental desta programación debe ser, sen dúbida, a educación co obxectivo de vincular o pensamento e obra de Castelao coas novas xeracións.

Neste sentido, o goberno non ten concretado publicamente cales son as accións deseñadas para o público escolar ou encamiñadas para se desenvolveren de forma específica no marco educativo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta a definir publicamente, á maior brevidade, a programación centrada no acceso á divulgación da figura de Castelao entre o público escolar, quer nos centros educativos quer na actividade extraescolar, co gallo da celebración de 2025 como Ano Castelao.”

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Cristina Fernández Davila

Deputadas do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 14/01/2025 12:10:04

Cristina Fernández Davila na data 14/01/2025 12:15:52

Ana Pontón Mondelo na data 14/01/2025 12:16:13





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Iria Taibo Corsanego, Ariadna Fernández González e Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre o número de prazas nas escolas infantís da comarca da Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza comunicou no pasado mes de novembro ao Estado que vai devolver 22 millóns de euros procedentes de fondos europeos, correspondentes ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, destinados á creación de prazas en escolas infantís, que permitirían crear até 3.417 novas prazas públicas de educación infantil de 0 a 3 anos.

O goberno galego manifestou en diversas ocasións a súa discrepancia coa distribución destes fondos por non poder utilizalos para outros fins, como obras en escolas xa existentes ou para subvencionar centros privados incorporados ao programa de gratuidade que está vixente en Galiza desde o curso 2022-23.

O sistema da gratuidade da Xunta de Galiza subvenciona con diñeiro público escolas infantís privadas, que non forman parte do Consorcio de Servizos de Igualdade e Benestar. Na actualidade, das máis de 30.000 prazas dispoñíbeis en Galiza, máis dunha terceira parte pertencen á rede privada (13.552), outra terceira á pública autonómica (10.142) e case un 20% aos concellos. De acordo coa FEGAMP, a Xunta de Galiza aboa algo máis de 90 euros mensuais por crianza ás escolas infantís municipais,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

mentres que as escolas infantís privadas reciben 310 do goberno galego por alumno ou alumna.

As listaxes provisionais resultantes do baremo extraordinario de decembro de persoas admitidas e de agarda nas Escolas Infantís xestionadas polo Consorcio de Servizos de Igualdade e Benestar para o curso 2024/2025, publicadas hai uns días, indican que na comarca da Coruña (cidade da Coruña, Arteixo, Cambre, Carral, Culleredo, Oleiros e Sada) hai 388 nenos e nenas en listaxe de agarda, deixando clara constancia de que existe demanda de prazas nas escolas infantís públicas, que o goberno galego non está a atender axeitadamente, polo que entendemos que non está en absoluto xustificado rexeitar o financiamento europeo que permitiría a creación de máis de 3.000 prazas públicas de Educación Infantil en toda Galiza.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a aumentar no 2025 o número de prazas públicas de Educación Infantil na comarca da Coruña.”

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Iria Taibo Corsanego**
Ariadna Fernández González
Mercedes Queixas Zas
Deputadas do G.P. do BNG
Olalla Rodil Fernández





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 14/01/2025 12:29:16

Ariadna Fernández González na data 14/01/2025 13:06:59

Mercedes Queixas Zas na data 14/01/2025 13:07:23

Olalla Rodil Fernández na data 14/01/2025 13:07:38





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Rosana Pérez Fernández e Carmela González Iglesias** e dos deputados **Daniel Castro García, Daniel Pérez López e Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa ás accións a desenvolver polo Goberno galego diante da situación extrema do sector do mar galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os datos que se veñen de coñecer a través da Plataforma Tecnolóxica da Pesca da Consellaría de Mar, a respecto do sector pesqueiro no seu conxunto relativos ao exercicio de 2024 confirman todas e cada unha das advertencias das entidades e dos profesionais non só durante o último ano senón dende hai máis dunha década.

O descenso de peixe e marisco vendido no 2024 nas lonxas galegas, de case 24.000 Tn., un 18% menos que no 2023, a baixada de máis de 30 millóns de euros na facturación, un 7,5% menos que no 2023, ou a redución de 222 permisos de marisqueo a pé, un 6,3% menos que no 2023, son datos arrepiantes que confirman a debilidade extrema dun sector fundamental para a economía galega e para o desenvolvemento de comarcas enteiras do noso país.

Son datos, ademais, que certifican a falta dunha verdadeira política pesqueira por parte do Goberno galego e un rotundo fracaso da Consellería de Mar que non tivo nin ten como obxectivo prioritario potenciar un sector vital e do que dependen miles de postos de traballo directos e indirectos en Galiza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A proba máis evidente do descalabro é a situación límite do marisqueo, onde as competencias exclusivas son dun Goberno galego que renuncia sistematicamente a exercelas e onde a política de “parches” puntuais e de falta de partidas orzamentarias potentes para apoiar e potenciar ao sector téñenlle feito moito dano e provocado que non teña apenas expectativas de futuro.

De nada valeron en todos estes anos os avisos e as peticións reiteradas do sector, de nada tampouco as advertencias do ámbito científico e moito menos as ducias de propostas da oposición na Cámara galega que, aínda sendo tidas en conta nalgúñas ocasións polo Grupo Parlamentario Popular, nunca foron levadas a cabo polo Executivo galego.

A situación actual é alarmante e o Goberno galego ten a obriga de, cando menos, tentar paliar, a comezar por ter un estudo exhaustivo do estado das rías galegas, das causas da perda incesante de produtividade para poder, finalmente, establecer un paquete de medidas que deteñan a sangría.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a

1 – En cumprimento do acordo unánime do Parlamento galego do pasado 28 de maio:

. Constituír no prazo dun mes unha Comisión de Estudo coas persoas expertas das universidades e dos centros de investigación galegos que, xunto co sector, analicen as causas principais da perda de produtividade das rías galegas e propoñan vías para enfrontala.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2.- Elaborar unha relación das actuacións máis urxentes a levar a cabo segundo as propostas da Comisión de Estudo e habilitar as partidas orzamentarias necesarias para executalas de inmediato.

3.- Vincular aqueloutras actuacións máis custosas e complexas segundo as propostas da Comisión de Estudo a un compromiso orzamentario para cando menos os vindeiros cinco anos

4.- Dar cobertura económica e social aos traballadores e traballadoras do mar que se vexan atinxidos polas medidas que se leven a cabo para a recuperación da produtividade das rías.”

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Carmela González Iglesias

Daniel Castro García

Daniel Pérez López

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Rosana Pérez Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 14/01/2025 13:27:37





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Paulo Ríos Santomé na data 14/01/2025 13:33:20

Carmela González Iglesias na data 14/01/2025 13:33:44

Daniel Castro García na data 14/01/2025 13:34:35

Daniel Pérez López na data 14/01/2025 13:34:54





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Ramón Fernández Alfonzo e Brais Ruanova Vilas-Boas** e da deputada **Noa Presas Bergantiños**, e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a demanda que a Xunta de Galiza debe facer respecto do SMI.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Goberno español está a ser noticia nos últimos días polo seu desacordo interno a respecto da cantidade que debe aumentar o Salario mínimo interprofesional.

Mais o certo é que ningunha das cantidades que están a ser obxecto de discusión se achegan ás recomendacións da Carta Social Europea asinada polo Reino de España e que establece o SMI debe alcanzar, cando menos, 60% do salario medio.

O incumprimento desta recomendación ven sendo continuo desde o ano 2021, un período, debemos lembrar, no que crise inflacionaria castigou especialmente aos salarios máis baixos, e nos que a riqueza tense concentrado dun xeito nunca antes visto nas rendas do capital até o punto de que o 1% máis rico posúe 3 veces máis riqueza que o 50% da poboación máis pobre.

É preciso asumir dunha vez as recomendacións da Carta Social Europea para que os salarios podan recuperar poder adquisitivo e para camiñar cara unha sociedade que non se distinga polas súas desigualdades económicas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Na actualidade o SMI español está nos 1.134 euros e representa o 51,5% do salario medio, que foi de 2.200 euros mensuais en 2024, segundo os datos da Axencia Tributaria. Esta cantidade está moi lonxe do salario mínimo recomendado polo Consello de Europa, que como dicimos debera acadar o 60% dese salario medio e polo tanto chegar aos 1.320,04 euros/mes para o 2025.

Esa cantidade de 1.320,04 euros mensuais tamén servirá de referencia para as categorías máis baixas dos convenios e o obxectivo salarial mínimo na negociación colectiva.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a demandar do goberno do Reino de España:

1. Que cumpra coas recomendacións da Carta social europea sobre a contía do Salario mínimo interprofesional e o suba a 1.320,04 euros/mes para o 2025
2. Que modifique o Estatuto dos traballadores no sentido de se considerar inabsorbíbeis polo SMI aqueles complementos salariais que se viñesen percibindo con anterioridade.”

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2025





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Brais Ruanova Vilas-Boas

Noa Presas Bergantiños

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Rosana Pérez Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonso na data 15/01/2025 09:43:52

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 15/01/2025 09:52:38

Noa Presas Bergantiños na data 15/01/2025 09:53:18

Rosana Pérez Fernández na data 15/01/2025 09:53:36





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Paulo Ríos Santomé** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre as medidas a tomar en relación ao cambio do material rodante e redución de prazas no Eixo Atlántico en materia ferroviaria.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Renfe fixo pública a intención de retirar seis convois S-121 das doce unidades

que operan no Eixo Atlántico na Galiza desde hai dez anos e que serán substituídos por outras unidades de menor capacidade e máis lentas.

Trátase, ademais, dunha maquinaria que se caracteriza por ser compatíbel co ancho ibérico e o internacional e acadar elevadas velocidades.

As doce unidades S-121 que circulan no Eixo Atlántico cobren a intersección formada polos Avant A Coruña-Santiago-Ourense e os MD que van de Santiago a Vigo. De materializarse a retirada, todo parece indicar que os S-121 restantes cubrirían as conexións Avant, o que supón manter as 282 prazas por tren na conexión entre A Coruña e Ourense, prestándose o resto dos servizos con trens S-480 que teñen menos prazas, 256, e os S-599 diésel que baixan a 185 prazas.

Non existe ningún argumento que xustifique a retirada de parte dos trens que prestan servizo na Galiza desde vai unha década, nunha das liñas ferroviarias de media distancia con maior ocupación do Estado -segundo recolle o último Informe Anual do Sector Ferroviario feito pola Comisión Nacional do Mercado e a Competencia-, que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

precisaría de máis prazas e frecuencias, para substituílos por outro material rodante con menor capacidade e máis lento.

O BNG defende, ao igual que o conxunto das persoas usuarias, a necesidade de incrementar as prazas e frecuencias no Eixo Atlántico, unha liña na que está sobradamente constatada alta demanda e a necesidade de ampliar os horarios, especialmente nas faixas de primeira hora da mañá, do mediodía e de última da tarde que coinciden cunha maior afluencia de mobilidade por coincidir cos momentos de principal tránsito diario da poboación para acudir ao seu traballo, estudos ou realizar xestións. Uns trens que, xa a día de hoxe, fican sen prazas en moitos horarios e nos que resulta imposíbel mercar billete dunha semana para outra.

Mais, en lugar de adoptar medidas que permitan incrementar o número de servizos e de prazas, o anuncio realizado por Renfe supón un retroceso e un menoscabo para as necesidades do transporte ferroviario na Galiza nun momento en que se necesitan políticas que aposten polo tren, por conseguir servizos ferroviarios de máis calidade, áxiles e útiles para a mobilidade diaria dos galegos e galegas.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno Galego a esixir do Goberno do Estado:

1. Garantir, como mínimo, a calidade do material rodante actual, en termos de velocidade e prazas dispoñibles.
2. Adoptar as medidas necesarias para incrementar o número de prazas, frecuencias e horarios dispoñibles no Eixo Atlántico.”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 15 de decembro de 2025

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 15/01/2025 10:09:07

Luis Bará Torres na data 15/01/2025 10:09:11







A agricultura sofre unha perda de un 4,6 %; a industria cun -2,2 % de afiliación e o comercio cun -2,1%.

Pechan o ano tamén con perdas a hostalaría cun -0,7 %, a construción cun -0,3 % e o transporte cun -0,6 %.

Por ilo, entendemos os e as socialistas galegas que o Goberno galego debe executar o orzamento dedicado a este colectivo así como consolidar o crecemento en sectores innovadores, atendendo á transición dixital, enerxética e climática e frear a perda nos tradicionais máis afectados.

Por ilo, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

Estes feitos o que poñen de relevo unha vez máis é a necesidade de dar a coñecer a historia de San Simón como campo de concentración franquista e de aprobar a declaración deste espazo de grande simbolismo como Lugar de Memoria. Esta declaración debe ser o punto de partida para o desenvolvemento dun programa de actividades informativas, de sensibilización, de divulgación e pedagóxicas en relación con esta etapa histórica, programación na que se debe prestar especial atención aos centros educativos.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Dar a coñecer a historia de San Simón como campo de concentración franquista no período 1936-1943, informando sobre as inhumanas condicións que sufriron os presos e os centos de vítimas mortais que se produciron nese período debido a enfermidades, fusilamentos e asasinatos extraxudiciais.

2. Colaborar coas familias das persoas que morreron en San Simón durante a etapa do campo de concentración na localización, exhumación, identificación e enterramento dignos dos seus familiares.

3. Apoiar a declaración da illa de San Simón como Lugar de Memoria Democrática, apoiando a proposta formulada neste sentido polo movemento memorialista galego.

4. Desenvolver, en colaboración co movemento memorialista galego, un programa de actividades informativas, de sensibilización, de divulgación e pedagóxicas en relación con esta etapa histórica, prestando especial atención aos centros educativos.

Asemade, o Parlamento acorda como resolución demandar que por parte da Xunta e dos grupos políticos non se oculte, minimice nin falsifique o verdadeiramente acontecido na Illa de San Simón na etapa en que foi prisión franquista e que se rectifiquen aquelas declaracións negacionistas da verdade histórica.”

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Alexandra Fernández Gómez

Carmela González Iglesias

Brais Ruanova Vilas-Boas

Deputados e deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 16/01/2025 17:32:35

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 16/01/2025 17:32:37

Carmela González Iglesias na data 16/01/2025 17:32:46

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 16/01/2025 17:32:54

Alexandra Fernández Gómez na data 16/01/2025 17:33:03





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e o seu deputado **Elena Espinosa Mangana, Carlos López Font e Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Falar de saúde mental é poñer en evidencia, nos últimos anos, o aumento preocupante de alteracións e trastornos de condutas da saúde mental en idades cada vez máis novas, afectando a adultos novos e mesmo a menores de idade.

E a saúde mental infanto-xuvenil converteuse nunha preocupación de primeira orde con datos realmente duros.

Segundo os datos da Asociación Española de Pediatría “a epidemia na infancia alcanzou niveis dramáticos” xa que dous cada cinco menores de 10 a 19 anos sofren ansiedade e depresión e un de cada cinco, trastornos do comportamento ou trastorno por déficit de atención e/o hiperactividade (TDAH). En total ata o 47% dos neno e adolescentes padece algún problema de saúde mental.

E se estes datos enfrontámoslos aos que tiñamos antes do COVID, vemos que a situación efectivamente empeorou. Dato que eran o 10% do nenos e o 20% e os adolescentes.

Ante esta dura realidade non podemos quedarnos quietos. Hai que evitar este sufrimento e que o poidan arrastrar toda a vida.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2025 17:37:41
Nº Rexistro: 17602
Data envío: 16/01/2025 17:37:41.359

E a Xunta de Galicia debería estar á altura da demanda cidadá, que permitise asegurar a atención prioritaria á saúde mental con recursos e políticas estables e isto non sucede.

O PP nunha iniciativa recente ante este Parlamento textualmente dicía:

“Ese aumento de recursos dáse no marco do Plan de Saúde Mental de Galicia posCovid-19 2020-2024. Grazas a este plan puxéronse en funcionamento hospitais día de saúde infanto-xuvenil nas sete cidades galegas, así como a Unidade de hospitalización psiquiátrica do Álvaro Cunqueiro”.

Pero o que sabemos é que la unidade de hospitalización Saúde mental infanto xuvenil do Álvaro Cunqueiro, non ten capacidade para atender á demanda. E moitas atencións tiveron que ser atendidas na unidade de Pediatría ou en psiquiatría de adultos.

Polo que os esforzos dos que fala a Xunta de Galicia non son suficientes. É necesario aumentar os recursos en materia de saúde mental infanto xuvenil.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a incrementar urxentemente a capacidade da unidade de hospitalización infanto-xuvenil do hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo.

Santiago de Compostela, a 16 de xaneiro de 2025





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2025 17:37:41
Nº Rexistro: 17602
Data envío: 16/01/2025 17:37:41.359

Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 16/01/2025 17:25:09

Carlos López Font na data 16/01/2025 17:25:17

Silvia Longueira Castro na data 16/01/2025 17:25:26

José Ramón Gómez Besteiro na data 16/01/2025 17:25:35

CSV: BGJRBG3EG427EVC31-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

58822

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Carmen Rodríguez Dacosta, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do seu voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Grupo Socialista ten moi claro que as prioridades en sanidade deben pasar pola redución das listas de espera, o liderado da atención primaria e por fortalecer a saúde mental, aínda que a nosa ambición vaia máis aló.

Se falamos de saúde mental, somos coñecedores e coñecedoras de que os expertos poñen en manifesto que nos últimos anos, existe un aumento preocupante de alteracións e trastornos de condutas da saúde mental en idades cada vez máis novas, afectando a adultos novos e mesmo a menores de idade. E a saúde mental infanto-xuvenil converteuse nunha preocupación de primeira orde con datos realmente duros.

Segundo os datos da Asociación Española de Pediatría “a epidemia na infancia alcanzou niveis dramáticos” xa que dous de cada cinco menores de 10 a 19 anos sofren ansiedade e/ou depresión e un de cada cinco trastornos do comportamento ou trastorno por déficit de atención e/ou hiperactividade (TDAH). En total ata o 47% dos neno e adolescentes padece algún problema de saúde mental, cun punto de inflexión moi marcado, a pandemia antes do COVID, eran o 10% do nenos e o 20% e os adolescentes. Habemos de evitar este sufrimento e que o poidan arrastrar toda a vida.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2025 17:38:44
Nº Rexistro: 17607
Data envío: 16/01/2025 17:38:44.438

A Xunta de Galicia debería estar á altura da demanda cidadá, permitindo asegurar a atención prioritaria á saúde mental con recursos e políticas estables e isto non sucede.

O PP nunha iniciativa recente ante este Parlamento dicía textualmente:

“Ese aumento de recursos dáse no marco do Plan de Saúde Mental de Galicia posCovid-19, período 2020-2024. Grazas a este plan puxéronse en funcionamento hospitais de día de saúde infanto-xuvenil nas sete cidades galegas, así como a Unidade de hospitalización psiquiátrica do Álvaro Cunqueiro”.

Pero, Ourense aínda non conta cun hospital de día infanto-xuvenil pois non hai locais nin espazos para iso. Os esforzos dos que fala a Xunta de Galicia non son suficientes. É necesario aumentar os recursos en materia de saúde mental infanto xuvenil.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que habilite urxentemente un espazo para que Ourense poida contar cun hospital de día infanto-xuvenil.

Santiago de Compostela, a 16 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 16/01/2025 17:31:14

Elena Espinosa Mangana na data 16/01/2025 17:31:23

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

58824

@PSdeG



CSV: B0R0GSPGj485EvZ3h-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2025 17:38:44
Nº Rexistro: 17607
Data envío: 16/01/2025 17:38:44.438

Silvia Longueira Castro na data 16/01/2025 17:31:31

José Ramón Gómez Besteiro na data 16/01/2025 17:31:41

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**

58825

@PSdeG



CSV: B0R0GSPGj465EvZ3h-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

As deputadas e deputados abaixo asinantes, pertencentes ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego**, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 144 do Regulamento da Cámara, solicitan á Mesa do Parlamento que proceda á tramitación de **comparecencia urxente en Pleno do conselleiro de Sanidade**, para informar das medidas postas en marcha polo SERGAS dentro do Plan Galego de Saúde invernol 2024-2025, e concretamente das medidas de planificación e reforzos postos en marcha para facer fronte á atención sanitaria co aumento dos procesos respiratorios (número de profesionais contratados para reforzar os servizos, en que datas, por canto tempo, que tipos de contratos...).

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 20/01/2025 17:58:01

José Manuel Golpe Acuña na data 20/01/2025 17:58:10

Ramón Fernández Alfonzo na data 20/01/2025 17:58:15

Óscar Insua Lema na data 20/01/2025 17:58:22





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres na data 20/01/2025 17:58:27

Ariadna Fernández González na data 20/01/2025 17:58:33

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 20/01/2025 17:58:39

Cristina Fernández Davila na data 20/01/2025 17:58:47

Carmela González Iglesias na data 20/01/2025 17:58:54

Paulo Ríos Santomé na data 20/01/2025 17:59:01

Alexandra Fernández Gómez na data 20/01/2025 17:59:07

María Montserrat Prado Cores na data 20/01/2025 17:59:15

Secundino Fernández Fernández na data 20/01/2025 17:59:22

Sonia Vidal Lamas na data 20/01/2025 17:59:29

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 20/01/2025 17:59:35

Noa Presas Bergantiños na data 20/01/2025 17:59:43

Iago Suárez Fernández na data 20/01/2025 17:59:50

Montserrat Valcárcel Armesto na data 20/01/2025 17:59:57





Mercedes Queixas Zas na data 20/01/2025 18:00:52





Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/01/2025 16:01:16



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 17807
Data envío: 20/01/2025 16:01:18,387

CSV: B0RBOSE@k4nE0C3h-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Noelia Pérez López, Nicole Grueira Fernández, Víctor Baladrón Lamas, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Ethel Vázquez Mourelle e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Boa parte das enfermidades conxénitas do metabolismo (ECM) son enfermidades consideradas raras ou moi raras e, a pesar diso son, en conxunto, patoloxías frecuentes, estimándose unha prevalencia global de 50,9 por cada 100.000 nacementos.

A realidade é que as ECM constitúen unha causa importante de morbi-mortalidade, e teñen un impacto global notable desde a perspectiva de Saúde Pública.

O Programa Galego para a Detección Precoz de Enfermidades Endócrinas e Metabólicas en Período Neonatal tivo a súa orixe no 1978, e foi pioneiro en España no cribado neonatal. Con posterioridade ampliouse coa incorporación da espectrometría de masas en xullo de 2000.

Neste senso a Xunta de Galicia foi pioneira coa aprobación no 2021 da Estratexia Galega de Enfermidades Raras 2021/2024, co obxectivo principal de establecer un novo modelo asistencial para as enfermidades raras, optimizado e baseado en criterios homoxéneos para garantir un prazo de diagnóstico máis reducido, menor variabilidade no manexo do/a doente e unha xestión máis áxil, coordinada e eficiente.

Por todo o anteriormente exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que melloras está a incorporar a Xunta no programa galego de cribado neonatal?

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 15/01/2025 11:53:25

Raquel Arias Rodríguez na data 15/01/2025 11:53:36

Noelia Pérez López na data 15/01/2025 11:53:53



Nicole Grueira Fernández na data 15/01/2025 11:54:06

Víctor Baladrón Lamas na data 15/01/2025 11:54:17

Dolores Hermelo Piñeiro na data 15/01/2025 11:54:27

Argimiro Marnotes Fernández na data 15/01/2025 11:54:38

Ethel Vázquez Mourelle na data 15/01/2025 11:54:48

Cecilia Vázquez Suárez na data 15/01/2025 11:55:02





A Mesa do Parlamento

Miguel Fidalgo Iglesias, Patricia García González, Paula Mouzo Más, María Dolores Hermelo Piñeiro, Raúl Santamaría González, María Deza Martínez, Alberto Pazos Couñago, Gonzalo Trenor López e Roberto Rodríguez Martínez deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta pleno polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de ter unha posición en sede parlamentaria nun tema relevante para nosa comunidade.

O pasado 19 de xaneiro, xa hai máis dun ano, a Xunta de Galicia dirixiuse ao Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico para pedirle que iniciara, no marco das súas competencias exclusivas en materia de contaminación mariña, e tendo en conta que non o fixera de oficio, un procedemento de esixencia de responsabilidade medioambiental por danos ao dominio público marítimo-terrestre polo incidente provocado pola vertedura de pellets do buque Toconao.

En concreto, solicitouse ao Goberno Central que esixira aos responsables dos danos, a responsabilidade medioambiental na que incorreran e, en particular que: identificaran aos suxeitos responsables; avaliaran os danos medioambientais producidos; no seu caso, que se definiran as medidas de prevención ou de evitación de novos danos que se deberan adoptar; a definición das medidas de reparación que se deberan adoptar; e o establecemento da contía e obrigas de pago das medidas adoptadas e executadas polas autoridades autonómicas e locais, co obxecto de recuperar os costes nos que tiveran incorrido.

O Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico contestou á solicitude da Xunta de Galicia en data 6 de marzo de 2024, informándolle de que sería o Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible e, particularmente, a Dirección General de Marina Mercante, o órgano que se encargaría de tramitar a reclamación de responsabilidade ao causante da contaminación, en aplicación da Lei 14/2014, de 24 de xullo, de Navegación Marítima.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





O 26 de marzo de 2024, o Director General de la Marina Mercante dirixiu un escrito á entón vicepresidenta segunda e conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia informando da iniciación dun procedemento para esixir a responsabilidade civil (que non medioambiental) derivada dos danos ocasionados pola vertedura do buque “Toconao”

Por todo o exposto, os deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte pregunta en oral polo trámite de urxencia:

Cal é o estado da tramitación do procedemento para esixir a responsabilidade civil (que non medioambiental) derivada dos danos ocasionados pola vertedura do buque “Toconao”?

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2025.

Asinado dixitalmente por:

Miguel Fidalgo Iglesias na data 20/01/2025 13:09:09

Patricia García González na data 20/01/2025 13:09:42

Paula Mouzo Mas na data 20/01/2025 13:09:56

María Deza Martínez na data 20/01/2025 13:10:07

Dolores Hermelo Piñeiro na data 20/01/2025 13:10:20

Alberto Pazos Couñago na data 20/01/2025 13:10:32

Raúl Santamaría González na data 20/01/2025 13:10:40

Gonzalo Trenor López na data 20/01/2025 13:10:51

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Roberto Rodríguez Martínez na data 20/01/2025 13:11:09

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gpppgalicia](https://www.facebook.com/gpppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 17810
Data envío: 20/01/2025 16:15:36,049

Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** urxente en **Pleno**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada polas declaracións efectuadas o pasado 16 de xaneiro de 2025 por un deputado do Grupo Parlamentario Popular na Comisión 1.^a, nas que afirmaba que durante a etapa da Guerra Civil e primeiros anos da Ditadura franquista non se produciron na Illa de San Simón máis mortes que o asasinato do director do cárcere.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Considera o Goberno galego que dende outubro de 1936 a marzo de 1943 hai constatación de mortes na Illa de San Simón provocadas polos fusilamentos alí practicados e polas condicións e trato ás persoas represaliadas?

Santiago de Compostela, a 20 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 20/01/2025 15:30:10

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

58836

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 17810
Data envío: 20/01/2025 16:15:36,049

Patricia Iglesias Rey na data 20/01/2025 15:30:22

CSV: B0R0G5TQ3XWY31-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

58837

@PSdeG



Á Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Paula Prado del Rio, Encarna Amigo Díaz, Noelia Pérez López, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Ethel Vázquez Mourelle e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta urxente para a súa resposta oral en Pleno**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola inxustificada alarma xerada polo Bloque Nacionalista Galego en relación coa prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero

De feito Galicia é un referente na loita contra a violencia de xénero xa que conta desde 2007 cunha lei propia nesta materia á que se incorporaron diversas melloras para garantir máis protección ás vítimas, recoñecer a violencia vicaria e tamén a dixital.

Ademais, no ámbito específico das prestacións periódicas para mulleres que sofren violencia de xénero Galicia vén sendo a única comunidade autónoma que leva convocado de xeito ininterrompido esta axuda mensual desde hai preto de 20 anos.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia da inxustificada alarma xerada polo BNG en relación coa convocatoria das prestacións periódicas para mulleres que sofren violencia de xénero?

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 20/01/2025 17:09:19

Paula Prado del Rio na data 20/01/2025 17:09:54

María Encarnación Amigo Díaz na data 20/01/2025 17:10:11

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2025 17:14:41
Nº Rexistro: 17820
Data envío: 20/01/2025 17:14:41.842

Noelia Pérez López na data 20/01/2025 17:10:22

Víctor Baladrón Lamas na data 20/01/2025 17:10:45

Nicole Grueira Fernández na data 20/01/2025 17:11:07

Dolores Hermelo Piñeiro na data 20/01/2025 17:11:21

Argimiro Marnotes Fernández na data 20/01/2025 17:11:42

Ethel Vázquez Mourelle na data 20/01/2025 17:13:14

Cecilia Vázquez Suárez na data 20/01/2025 17:13:32

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: B0R0G-SR334Z7E6C31-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite de **urxencia**, sobre a declaración da illa de San Simón como lugar de memoria e desenvolvemento de iniciativas de coñecemento e divulgación da represión franquista neste espazo.

Xustificación da urxencia

A urxencia motívase na gravidade e falsidade das declaracións dun representante do PP no Parlamento a respecto do acontecido na illa de San Simón nos anos en que foi campo de concentración franquista, na necesidade de que se produza unha rectificación ao respecto, e en que se impulse canto antes o seu uso como lugar de memoria.

Exposición de motivos

Na reunión da Comisión 1ª do día 15 de xaneiro de 2025, durante o debate dunha iniciativa do grupo socialista sobre a creación do Consello da Memoria Democrática, o portavoz do PP sr. Ferro Iglesias fixo unhas afirmacións extremadamente graves polo que supoñen de minusvaloración e negación do acontecido na Illa de San Simón na etapa en que se instalou alí un campo de concentración franquista (1936-1943).

Sinalou o sr Ferro que o PP non tiña constancia pola documentación que existe “de que houbera mortes na illa de San Simón salvo abusos do director da prisión que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

foi pasado polo coitelo”. Estamos diante dun claro caso de negacionismo histórico, de ocultación da realidade e de intento de branqueo do que aconteceu en san Simón xa que existe abundante documentación que demostra que:

-Centos de presos -sobre todo os coñecidos como “os vellos”, procedentes de fóra de Galiza- morreron de fame e enfermidade na illa de San Simón Segundo as investigacións de Gonzalo Amoedo e Roberto Gil, recollida no libro Episodios de terror durante a guerra civil na provincia de Pontevedra. A illa de San Simón (Xerais, 2008) no campo de concentración de San Simón estiveron reclusas máis de 6000 persoas, das que cando menos 482 morreron na illa de fame e enfermidade. Estas persoas, a maioría de fóra de Galiza, foron enterradas en foxas anónimas nos cemiterios de Redondela e Vigo, polo que centos de familias nunca puideron recuperar os seus restos.

-Ducias de presos foron sacados da illa para ser fusilados, logo de procedementos xudiciais irregulares nos que foron condenados por delitos de rebelión por tribunais ilexítimos formados polos militares golpistas.

-Ducias de presos foron sacados da illa pola noite por grupos paramilitares mediante o procedemento que se denominou “a raposa” para seren asasinados impunemente nas cunetas das estradas da contorna de Cesantes, Redondela, Pontevedra, Vilaboa, etc.

-Un grupo de 8 presos asturianos foron fusilados na illa o 5 de agosto de 1938.

Tendo en conta a abundante documentación e testemuños orais que acreditan estes feitos, a citada afirmación do portavoz do PP resulta absolutamente indignante e ofensiva para as vítimas e as familias.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estes feitos o que poñen de relevo unha vez máis é a necesidade de dar a coñecer a historia de San Simón como campo de concentración franquista e de aprobar a declaración deste espazo de grande simbolismo como Lugar de Memoria. Esta declaración debe ser o punto de partida para o desenvolvemento dun programa de actividades informativas, de sensibilización, de divulgación e pedagóxicas en relación con esta etapa histórica, programación na que se debe prestar especial atención aos centros educativos.

Diante disto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través do deputado asinante, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno, polo trámite de urxencia:

Ten previsto a Xunta dar a coñecer a historia de San Simón como campo de concentración franquista no período 1936-1943, informando sobre as inhumanas condicións que sufriron os presos e os centos de vítimas mortais que se produciron nese período debido a enfermidades, fusilamentos e asasinatos extraxudiciais?

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres na data 20/01/2025 17:53:09





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2025 18:15:17
Nº Rexistro: 17834
Data envío: 20/01/2025 18:15:17.209

Á MESA DO PARLAMENTO

José Ramón Gómez Besteiro, portavoz do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152.2, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Sr. presidente da Xunta de Galicia**.

Sr. presidente, cre vostede que está orientando correctamente as políticas do seu goberno cara a loita contra as desigualdades existentes en Galicia?

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

José Ramón Gómez Besteiro na data 20/01/2025 17:58:18





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 17 de marzo de 2015, formula a seguinte **pregunta** dirixida ao **presidente da Xunta** para a súa **resposta oral en Pleno**.

Sr. Rueda, vai reverter as privatizacións e reconstruír a área sanitaria de Vigo como lle pide a cidadanía?

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 20/01/2025 18:18:58





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Iago Suárez Fernández, Ariadna Fernández González, Iria Carreira Pazos, Cristina Fernández Davila, Alexandra Fernández Gómez, Carmela González Iglesias, Paulo Ríos Santomé e Brais Ruanova Vilas-Boas, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª polo trámite de urxencia**, sobre as medidas a tomar para “Reconstruír” a Área Sanitaria de Vigo.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento se posicione canto antes sobre as medidas a tomar por parte da Xunta para “Reconstruír” a Área Sanitaria de Vigo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 16 de xaneiro miles de persoas manifestáronse polas rúas de Vigo pola “Reconstrución da Área Sanitaria de Vigo”, reclamando responsabilidades polas condicións nas que se fixo a licitación e construción do Hospital Álvaro Cunqueiro, e esixindo medidas para dotar a área sanitaria dos recursos humanos e materiais necesarios para conseguir unha asistencia sanitaria 100% pública e de calidade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Unha área con moitas carencias polas decisións tomadas polo Partido Popular na Xunta, na dirección de condicionar a atención sanitaria da área de Vigo, para garantir a súa dependencia da sanidade privada. Nesa dirección foi a redución de camas, servizos e prestacións do hospital Álvaro Cunqueiro e a infrautilización doutras infraestruturas como o hospital Meixoeiro, para seguir mantendo un concerto millonario con Povisa.

Esixen responsabilidades políticas por facer que o conxunto da cidadanía pague 470.469.422 euros de máis á sociedade concesionaria, facer un hospital máis pequeno, que non responde ás necesidades da Área Sanitaria, por manter, e incluso aumentar, o negocio da sanidade privada na Área

Denuncian que coa construción do Hospital Álvaro Cunqueiro non se lograron acadar completamente os obxectivos fixados polo Plan funcional inicial. Non se construíron as estruturas necesarias de Atención Hospitalaria, para poder atender con calidade ao 100% da cidadanía, de 2.000 camas hospitalarias previstas no conxunto da área sanitaria pasamos a un máximo de 1.366. Tampouco se reforzou a Atención Primaria coa creación de novos centros de saúde e ampliación de outros, nen se conseguiu a diminución do peso da sanidade privada na área.

As consecuencias son evidentes: unhas intolerables listas de agarda para consultas, probas complementarias, exploracións e intervencións cirúrxicas, servizos hospitalarios sen o cadro de persoal e espazos suficientes para dar resposta ás necesidades da cidadanía e unha carteira de servizos incompleta para manter o negocio da sanidade privada. A saturación no servizo de urxencias do hospital por un deseño insuficiente, con ademais unha Atención Primaria





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

debilitada, con listas de agarda que superan en moitos casos os 10 ou 15 días, e moitas persoas sen profesional da medicina de familia ou da pediatría que poida atendelos. A sobrecarga de profesionais, insuficientes para dar resposta á cronicidade e á dependencia, con atraso no seguimento de patoloxías crónicas e dificultade para garantir unha atención de calidade a persoas dependentes.

Denuncian tamén que unha parte da poboación da Área Sanitaria teña que ser atendida en POVISA, cun concerto económico sen transparencia, e sen alternativa pública neste momento, para poder reverter esta situación, mentres que con cartos públicos seguen a encher as carteiras dos accionistas dos fondos de investimento estranxeiros que son propietarios do Hospital Álvaro Cunqueiro e do hospital Ribera-POVISA.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª polo trámite de urxencia:

Vai a Xunta poñer en marcha todas as accións precisas para rescatar o hospital Álvaro Cunqueiro para o ámbito do Público?

Non considera preciso realizar a ampliación do Hospital Álvaro Cunqueiro co que non se construíu e que figuraba no proxecto funcional inicial?

Vai poñer a pleno rendemento as 422 camas do Hospital do Meixoeiro e as 117 do Hospital Nicolas Peña?

A que agardan para crear un Servizo de cirurxía Máxilo-Facial completo e funcional e dunha Unidade de Queimados na sanidade pública?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por que non proceden á reordenación asistencial da área de Vigo, coa construción dun Centro de Alta Resolución (CAR) coas especialidades máis demandadas pola poboación, no centro de Vigo, e outro no Morrazo ao igual que a ampliación do Centro de Saúde de Cangas, e construción do do Hío?

Vai proceder á integración de toda a actividade asistencial de Galaria no Sergas?

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 20/01/2025 18:27:15

Ariadna Fernández González na data 20/01/2025 18:27:25

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 20/01/2025 18:27:37

Cristina Fernández Davila na data 20/01/2025 18:27:45

Carmela González Iglesias na data 20/01/2025 18:27:53

Paulo Ríos Santomé na data 20/01/2025 18:27:59





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alexandra Fernández Gómez na data 20/01/2025 18:28:08

Olalla Rodil Fernández na data 20/01/2025 18:28:20

Iria Carreira Pazos na data 20/01/2025 18:28:31

Iago Suárez Fernández na data 20/01/2025 18:28:46



A Mesa do Parlamento

Noelia Pérez López, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Ethel Vázquez Mourelle e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Os esforzos do goberno galego están centrados en xerar riqueza e emprego, dinamizar o territorio e fixar poboación, traballando da man das empresas, pemes e autónomos para dar tamén respostas ás súas necesidades e co firme propósito de avanzar no crecemento e progreso de Galicia.

E para acadar ese reto a Xunta de Galicia avogou por unha nova fórmula para apoiar ao emprendemento e puxo en marcha unha rede de Polos de Emprendemento que traballa para impulsar e consolidar proxectos, e na que calquera persoa que queira emprender atope acompañamento e asesoramento continuado, unha metodoloxía común validada e adaptada a cada proxecto e unha titorización con profesionais de primeiro nivel, co obxectivo de poñer a disposición de todos os emprendedores/as a axuda necesaria para sacar adiante negocios viables.

Nesta rede, identifícanse as necesidades e oportunidades para emprender que presenta cada un dos territorios, detectando as actividades económicas con potencial que xorden en cada territorio para saber onde é máis efectivo emprender, ademais de fomentar os proxectos que permitan desenvolver novos sectores innovadores para dinamizar a contorna e crear sinerxías co tecido empresarial existente.

Actualmente, hai un polo pendente de iniciar a súa actividade, o de Vilanova de Arousa, e hai 14 activos, en A Fonsagrada, Baños de Molgas, Coristanco, Ferrol, Friol, Melide, Mondoñedo, Monforte de Lemos, O Barco de Valdeorras, O Carballiño, O Porriño, Silleda, Verín e Sarria, consolidados xa como foros de interlocución, especialmente no ámbito rural, e dos que pode beneficiarse calquera iniciativa independentemente da fase na que se atope o desenvolvemento do proxecto.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

- 1.- Cal é o balance do Goberno galego sobre o funcionamento da Rede de Polos de Emprendemento e que resultados se obtiveron ata o de agora en canto ao acompañamento e asesoramento das persoas usuarias?



- 2.- Que acollida tivo o mapa de emprendemento entre a poboación galega e que beneficios aporta á nosa sociedade emprendedora?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Noelia Pérez López na data 10/01/2025 10:06:58

María Encarnación Amigo Díaz na data 10/01/2025 10:07:26

Raquel Arias Rodríguez na data 10/01/2025 10:07:36

Víctor Baladrón Lamas na data 10/01/2025 10:07:48

Nicole Grueira Fernández na data 10/01/2025 10:07:59

Dolores Hermelo Piñeiro na data 10/01/2025 10:08:10

Argimiro Marnotes Fernández na data 10/01/2025 10:08:24

Ethel Vázquez Mourelle na data 10/01/2025 10:08:36

Cecilia Vázquez Suárez na data 10/01/2025 10:08:51



A Mesa do Parlamento

Noelia Pérez López, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Ethel Vázquez Mourelle e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A Xunta de Galicia ten unha rede de centros públicos de formación profesional dependentes da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración que, de xeito periódico, ofrecen un plan formativo dirixido a persoas desempregadas.

Con estas iniciativas o Goberno galego busca contribuír a mellorar as capacidades profesionais dos cidadáns, facilitar a súa empregabilidade e satisfacer as súas aspiracións de promoción profesional ou de desenvolvemento persoal.

As accións formativas están axustadas ás demandas das persoas traballadoras pero tamén ás necesidades do tecido produtivo da área xeográfica nas que se localizan os diferentes centros, favorecendo deste xeito unha máis eficaz inserción no mercado laboral.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1. En que consiste o plan de formación que a Xunta de Galicia impulsa nos centros de formación profesional para o emprego?
2. Cantos centros de formación participan e cal é o número de cursos e a tipoloxía dos que teñen previsto impartirse?
3. Que valoración fai o Goberno galego deste tipo de iniciativas e da súa utilidade para axustar as accións formativas aos perfís que demanda o tecido produtivo en cada territorio?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Noelia Pérez López na data 10/01/2025 10:11:45

María Encarnación Amigo Díaz na data 10/01/2025 10:12:08



Raquel Arias Rodríguez na data 10/01/2025 10:12:15

Víctor Baladrón Lamas na data 10/01/2025 10:12:36

Nicole Grueira Fernández na data 10/01/2025 10:12:49

Dolores Hermelo Piñeiro na data 10/01/2025 10:13:00

Argimiro Marnotes Fernández na data 10/01/2025 10:13:14

Ethel Vázquez Mourelle na data 10/01/2025 10:13:39

Cecilia Vázquez Suárez na data 10/01/2025 10:13:51



A Mesa do Parlamento

Noelia Pérez López, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Ethel Vázquez Mourelle e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A flexibilización da formación para o emprego e que esta poida atender dun xeito máis eficaz á demanda e ás necesidades específicas das empresa galegas é unha dos compromisos máis destacados do Goberno autonómico que preside Alfonso Rueda ao longo desta lexislatura.

Neste contexto a Xunta de Galicia impulsou as denominadas “microformacións” na procura de que sexan unha ferramenta estratéxica para incrementar as oportunidades de emprego das persoas traballadoras e ofrecer solucións efectivas e inmediatas para cubrir as vacantes do mercado de traballo.

Con este obxecto o Goberno galego vén de impulsar unha convocatoria pioneira destinada especificamente ao financiamento de accións formativas á demanda do tecido produtivo galego e dirixidas a persoas traballadoras ocupadas.

Nesta liña, dáselle un novo pulo á aposta polas experiencias curtas de aprendizaxe que permitan obter certificados profesionais e acreditacións, rachando a rixidez do sistema actual e permitindo obter os coñecementos requiridos polas empresas galegas e obter novas capacitacións.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

1. En que consiste, máis polo miúdo, o programa de experiencias curtas de aprendizaxe ou microformacións impulsado pola Xunta de Galicia?
2. Que entidades ou centros de formación poden acollerse a esta convocatoria de microformación impulsada pola Xunta de Galicia?



3. Que outras iniciativas está a desenvolver o Goberno galego co obxecto de favorecer un mercado laboral máis dinámico e inclusivo?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Noelia Pérez López na data 10/01/2025 10:16:29

María Encarnación Amigo Díaz na data 10/01/2025 10:16:45

Raquel Arias Rodríguez na data 10/01/2025 10:16:53

Víctor Baladrón Lamas na data 10/01/2025 10:17:06

Nicole Grueira Fernández na data 10/01/2025 10:17:18

Dolores Hermelo Piñeiro na data 10/01/2025 10:17:28

Argimiro Marnotes Fernández na data 10/01/2025 10:17:41

Ethel Vázquez Mourelle na data 10/01/2025 10:17:54

Cecilia Vázquez Suárez na data 10/01/2025 10:18:10



A Mesa do Parlamento

Noelia Pérez López, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Ethel Vázquez Mourelle e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Os últimos datos coñecidos tanto de paro rexistrado como de afiliacións á seguridade social corroboran unha evolución positiva do mercado laboral en Galicia. En concreto, rexistrouse o mellor mes de xullo da serie histórica, sendo a nosa comunidade a segunda coas mellores cifras na súa comparativa interanual.

A pesar deses datos o Goberno galego segue a deseñar políticas activas de emprego e adoptando medidas, tanto de orientación como de formación, dirixidas a mellorar a empregabilidade daquelas persoas que presentan maiores dificultades para a súa inserción laboral.

Unha desas medidas son os obradoiros de emprego nos que a Xunta de Galicia financia a formación profesional para o emprego (medios, materiais, contratación de persoal...), así como os custes salariais derivados dos contratos de traballo subscritos co alumnado. Estas obradoiros tamén inclúen formación e, en particular, un módulo de igualdade de xénero co obxectivo de promover unha actitude máis igualitaria entre mulleres e homes.

A través dos obradoiros de emprego os participantes adquiren práctica profesional, á vez que realizan obras ou servizos de utilidade social como poden ser melloras de todo tipo de instalacións, espazos públicos ou infraestruturas locais.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

1. A canto ascenden as axudas para o desenvolvemento dos obradoiros de emprego para a edición 2024-2025 e cantos son os potenciais beneficiarios?
2. Dentro destas axudas contéplanse actuacións específicas para os colectivos especialmente vulnerables e que teñen maior dificultade de acceso ao mercado laboral?



Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Noelia Pérez López na data 10/01/2025 10:20:56

María Encarnación Amigo Díaz na data 10/01/2025 10:21:16

Raquel Arias Rodríguez na data 10/01/2025 10:21:24

Víctor Baladrón Lamas na data 10/01/2025 10:21:39

Nicole Grueira Fernández na data 10/01/2025 10:21:51

Dolores Hermelo Piñeiro na data 10/01/2025 10:22:01

Argimiro Marnotes Fernández na data 10/01/2025 10:22:15

Ethel Vázquez Mourelle na data 10/01/2025 10:22:28

Cecilia Vázquez Suárez na data 10/01/2025 10:22:46



A Mesa do Parlamento

Noelia Pérez López, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Ethel Vázquez Mourelle e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A Xunta de Galicia incentivará a contratación de menores de 30 anos por parte de empresas, persoas traballadoras autónomas, sociedades civís e comunidades de bens, con contías de ata preto de 20.000 euros por persoas para, así, facilitar o seu acceso ao mercado laboral.

Trátase do programa de 1ª experiencia profesional, cun orzamento de 4,2 millóns de euros.

O seu obxectivo consiste en apoiar a empregabilidade da mocidade mediante contratos formativos de doce meses de duración, dotándoa de competencias para poder acceder a un emprego estable e de calidade.

Tratouse dun dos compromisos para os primeiros 100 días deste novo mandato da Xunta de Galicia, que busca mellorar a empregabilidade deste colectivo prioritario nas súas políticas, contribuindo a reter o talento xuvenil na Comunidade Autónoma galega.

En concreto, trátase dun programa mixto que, ademais de impulsar con apoios económicos a contratación a tempo completo, ofrece formación en competencias brandas, unha combinación de habilidades sociais e de comunicación, actitudes, intelixencia social e emocional, moi demandadas polo mercado laboral.

Así, atenderanse as necesidades específicas de emprego no tramo de idade daquelas persoas menores de 30 anos, artelladas en dúas liñas de axuda: a primeira, para contratar mozos e mozas con titulación ou certificación profesional e, a segunda, para brindar unha oportunidade a aquelas persoas que carezan de cualificación profesional recoñecida.



En ambos casos, os contratos formativos que se concerten, deben ir dirixidos a menores de 30 anos que residan en Galicia e que se atopen en situación de desemprego e con inscrición no Servizo Público de Emprego, facilitándolles un período de práctica profesional, acompañada dun proceso de formación para o emprego, abríndolles camiño á súa inserción laboral xa que, unha vez rematado o proceso, contarán coas competencias para poder acceder a un emprego estable.

Finalmente, con este programa preténdese chegar a entre 250 e 410 persoas mozas desempregadas. Coas axudas, dáse cobertura aos custos salariais dos postos, con contías que van dos 9.975 euros aos 16.625, segundo ese criterio.

A esas cantidades, hai que sumar as destinadas á formación en competencias brandas, 1.700 euros no caso de ser presencial e 850 euros en formato de teleformación.

Por todo o anterior, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

1. Que balance fai o Goberno galego do Programa Talento 30 ou 1ª experiencia profesional?
2. Cales foron os beneficios obtidos na pasada convocatoria da axuda?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Noelia Pérez López na data 10/01/2025 10:26:08

María Encarnación Amigo Díaz na data 10/01/2025 10:26:25

Raquel Arias Rodríguez na data 10/01/2025 10:26:33

Víctor Baladrón Lamas na data 10/01/2025 10:26:53

Nicole Grueira Fernández na data 10/01/2025 10:27:05

Dolores Hermelo Piñeiro na data 10/01/2025 10:27:17

Argimiro Marnotes Fernández na data 10/01/2025 10:27:31

Ethel Vázquez Mourelle na data 10/01/2025 10:27:45



Cecilia Vázquez Suárez na data 10/01/2025 10:28:06

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

CSV: B6P5T8Dg.kFHO6UZY7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



A Mesa do Parlamento

Noelia Pérez López, Nicole Grueira Fernández, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Ethel Vázquez Mourelle e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Un dos retos da nosa Comunidade é facer fronte ao mantemento con éxito do noso tecido produtivo. É sabido como moitos negocios de persoas traballadoras autónomas se encontran en situacións complexas, nas cales a súa continuidade pende da necesidade de remuda xeracional. Neste respecto, son numerosas as iniciativas postas en marcha por parte da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración que buscan, precisamente, reforzar a competitividade e a devandita remuda dos negocios para afianzar a xeración de riqueza e emprego en Galicia.

A estes efectos, cómpre destacar que a comezos do mes de xuño do presente 2024, dábase conta en Consello da Xunta da convocatoria de axudas no marco do denominado Bono Remuda para o fomento da remuda xeracional de negocios galegos.

Unha liña de apoios cuxo obxecto é facilitar que as persoas interesadas en emprender teñan a posibilidade de recoller a testemuña dun negocio xa viable economicamente que pecha por xubilación, incapacidade ou falecemento da persoa titular. O emprego autónomo ofrece a oportunidade, mellor que ningunha outra fórmula, para deseñar un itinerario profesional á medida das necesidades e circunstancias da persoas traballadora. O Bono Remuda pretende favorecer deste xeito a consolidación do emprego autónomo e contribuír á fixación de poboación no rural, apoiando ás persoas que continúen coa actividade económica.

É evidente que, co mantemento de negocios nas diferentes contornas tamén se beneficia o conxunto da cidadanía, que comproba como os negocios perduran e seguen tendo ao seu alcance multitude de servizos e produtos.



Así, cun investimento de 1,5 millóns de euros, tal e como se dispuña por parte do Goberno galego, esta orde de axudas enmárcase no Plan de remuda que está a funcionar ao abeiro da Rede de polos de emprendemento, con ata 13 centros activos, á que xa se adheriron máis dun cento de empresas para buscar novas persoas que se poñan á fronte. A activación do Bono Remuda supón a posta en marcha de dúas liñas de achegas. En primeiro lugar, unha destinada aos negocios situados en concellos de menos de 5.000 habitantes – Bono Remuda rural–; e, en segundo lugar, para negocios situados en municipios de 5.000 habitantes ou máis –Bono Remuda xeral–.

Desde o Grupo Parlamentario Popular de Galicia, cremos necesariamente na motivación de todas aquelas iniciativas cuxo fin estea na consolidación da actividade deste colectivo prioritario e clave na creación de emprego estable e de calidade, que contribúa de maneira decisiva a que Galicia acade maiores niveis de desenvolvemento económico, de benestar social e de cohesión no territorio. De aí a prioridade de adoptar políticas que promovan un modelo de desenvolvemento económico que favoreza a capacidade creativa e emprendedora da sociedade galega, como fonte de riqueza e como elemento esencial para o crecemento, a competitividade e a modernización do noso tecido produtivo.

Certamente, esta medida trátase dunha máis dentro das moitas postas en práctica polo Goberno galego en favor do seu compromiso coas persoas traballadoras autónomas e emprendedoras para facer de Galicia unha terra de oportunidades, obxecto co cal estamos totalmente aliñados.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

1. Que valoración fai o Goberno galego en consideración do impacto da activación do Bono Remuda na nosa Comunidade?
2. Que obxectivos persegue esta iniciativa respecto da xeración de emprego estable e de calidade?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Noelia Pérez López na data 10/01/2025 10:31:12

Nicole Grueira Fernández na data 10/01/2025 10:31:30

María Encarnación Amigo Díaz na data 10/01/2025 10:31:45

Raquel Arias Rodríguez na data 10/01/2025 10:31:55



Víctor Baladrón Lamas na data 10/01/2025 10:32:16

Dolores Hermelo Piñeiro na data 10/01/2025 10:32:27

Argimiro Marnotes Fernández na data 10/01/2025 10:32:43

Ethel Vázquez Mourelle na data 10/01/2025 10:32:55

Cecilia Vázquez Suárez na data 10/01/2025 10:33:07



A Mesa do Parlamento

Noelia Pérez López, Nicole Grueira Fernández, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Ethel Vázquez Mourelle e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Os centros especiais de emprego son aqueles centros que realizan un traballo produtivo, participando regularmente nas operacións de mercado e que teñen por finalidade a integración das persoas con discapacidade ao réxime de traballo normal, asegurando un emprego remunerado, á vez que prestan os servizos de axuste persoal e social que requiran estas persoas.

A súa estrutura e organización debe axustarse aos das empresas ordinarias, sen prexuízo da súa función social das características particulares. O seu cadro de persoal estará constituído polo maior número de traballadores con discapacidade que permita a natureza do proceso produtivo. En todo caso, como mínimo, o 70% do cadro de persoal estará constituído por traballadores con discapacidade, sen que se computen, para estes efectos, o persoal dedicado á prestación de servizos de axuste persoal e social.

Ditos centros poderán ser creados por administracións públicas ou por persoas físicas, xurídicas ou comunidades de bens, que teñan capacidade xurídica e de obrar para seren empresarios.

A posta en funcionamento ou o recoñecemento dos centros especiais de emprego requirirá autorización administrativa e inscrición no rexistro administrativo especial, logo de solicitude da persoa interesada e acreditación do cumprimento dos requisitos establecidos na normativa vixente.

É importante destacar que consumen, ano a ano, unha cantidade inxente de recursos públicos debido ao incremento do Salario Mínimo Interprofesional. Este incremento fai que a administración autonómica teña que dedicar máis orzamento cada ano a estes centros.

O Salario Mínimo Interprofesional incrementouse, desde 2021 ata 2024, un 19,37%, supoñendo dito desgaste económico para a administración, pero tamén para os propios centros.

Dito incremento afecta directamente aos custos salariais dos mesmos que, en moito casos, teñen dificultade para financiarse. Todo isto supón un reto económico para as de menor tamaño, que incluso poder incidir no nivel de emprego das persoas con



discapacidade ou para a propia supervivencia do centro, así como un maior nivel de previsión económica para as máis consolidadas.

Así, a Xunta de Galicia convoca anualmente as axudas para subvencionar o 50% só SMI e o 60% para as persoas cun maior grao de discapacidade.

Cada ano aténdense todas as peticións mediante ampliacións de crédito, co fin de manter o acceso ao emprego das persoas que máis o precisan. Desde o Goberno galego existe unha aposta pola inserción laboral das persoas con discapacidade e así o demostran as cifras, con máis de 4.400 persoas con discapacidade empregadas e preto de 700 persoas atendidas por unidades de apoio.

Todo isto supón un custo para a Xunta de Galicia, pero tamén para os propios centros, xa que cada vez é máis difícil de asumir debido a que o resto do custo salarial non subvencionado é asumido polo propio centro.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1. Que balance fai o Goberno galego da situación actual dos centros especiais de emprego rexistrados na Comunidade Autónoma de Galicia?
2. Cal é a evolución das axudas concedidas a través da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración?, e, o grao de integración das persoas con discapacidade?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Noelia Pérez López na data 10/01/2025 10:36:12

Nicole Grueira Fernández na data 10/01/2025 10:36:28

María Encarnación Amigo Díaz na data 10/01/2025 10:36:38

Raquel Arias Rodríguez na data 10/01/2025 10:36:46

Víctor Baladrón Lamas na data 10/01/2025 10:37:03

Dolores Hermelo Piñeiro na data 10/01/2025 10:37:14

Argimiro Marnotes Fernández na data 10/01/2025 10:37:27

Ethel Vázquez Mourelle na data 10/01/2025 10:37:40



Cecilia Vázquez Suárez na data 10/01/2025 10:37:56

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

CSV: B0P5TRB0G4H4R4B4B42
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



A Mesa do Parlamento

Noelia Pérez López, Nicole Grueira Fernández, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Ethel Vázquez Mourelle e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A Xunta de Galicia está a favor do emprendemento e do traballo por conta propia, así como das novas medidas nas que se está traballando de cara ao vindeiro ano 2025, entre as que salienta a aposta estratéxica pola simplificación administrativa dos apoios específicos destinados ao colectivo autónomo, coa conseguinte redución de carga burocrática.

Potenciar o emprendemento e o traballo por conta propia é unha prioridade clave como motor fundamental de xeración de riqueza e de emprego de calidade.

Neste senso, a eficacia das medidas impulsadas polo Goberno galego reflíctese no peso do sector. Galicia está entre as tres comunidades cun maior peso porcentual de persoas traballadoras autónomas con respecto ao total das afiliacións. O colectivo representa o 19,5%, máis de tres puntos por enriba da media nacional, demostrando a capacidade emprendedora da rexión e contribuíndo á xeración de emprego, ao aumento da produtividade e á competitividade económica.

É preciso destacar que as empresas promovidas por autónomos e autónomas son vitais para a recuperación establece de emprego, ademais de constituír unha vía eficaz para facilitar a incorporación, ou reincorporación, ao mercado de traballo das persoas desempregadas, sobre todo daquelas persoas que, estando durante moito tempo no mercado laboral, se atopan na actualidade en situación de desemprego.

O liderado de Galicia na atención ás políticas activas de emprego queda patente co seu posicionamento como a Comunidade Autónoma cun maior número de convocatorias de axudas publicadas neste eido, case un 10% do total do Estado.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1. Que balance fai o Goberno galego do grao de execución das liñas complementarias en apoio aos autónomos?
2. Cales son as actuacións que se levarán a cabo no vindeiro ano 2025?



Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Noelia Pérez López na data 10/01/2025 10:40:51

Nicole Grueira Fernández na data 10/01/2025 10:41:09

María Encarnación Amigo Díaz na data 10/01/2025 10:41:19

Raquel Arias Rodríguez na data 10/01/2025 10:41:28

Víctor Baladrón Lamas na data 10/01/2025 10:41:47

Dolores Hermelo Piñeiro na data 10/01/2025 10:41:58

Argimiro Marnotes Fernández na data 10/01/2025 10:42:12

Ethel Vázquez Mourelle na data 10/01/2025 10:42:24

Cecilia Vázquez Suárez na data 10/01/2025 10:42:46



A Mesa do Parlamento

Nicole Grueira Fernández, Noelia Pérez López, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Ethel Vázquez Mourelle e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Os programas de emprego para persoas mozas teñen a finalidade de mellorar a ocupabilidade, a cualificación e a inserción profesional das persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema Nacional de garantía xuvenil, mediante a realización de obras ou prestación de servizos de interese xeral e social, que posibiliten ao alumnado participante, a realización dun traballo efectivo que, xunto coa formación profesional para o emprego recibida, relacionada directamente con dito traballo, busque a súa cualificación profesional e favoreza a súa posterior inserción laboral no mercado de traballo.

Estes programas están cofinanciados polo Fondo Social Europeo Plus 2021-2027 ao 60% e o Fondo Finalista do Estado ao 40%, no marco do Plan Garantía Xuvenil Plus 2021-2027, configurándose como programas de emprego e formación.

Para as anualidades de 2024 e 2025, destínanse 6,58 millóns de euros (3,29 millóns de euros en cada anualidade).

A distribución de créditos a nivel provincial será proporcional ao número de persoas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil o último día do mes anterior á data de publicación do extracto da convocatoria no DOG e, tamén, en función das solicitudes presentadas e aprobadas.

As entidades promotoras dos programas serán os concellos, as mancomunidades de concellos ou as entidades públicas dependentes ou vinculadas a un concello de Galicia.

A Xunta de Galicia subvenciona os custos da formación profesional para o emprego e os custos salariais derivados dos contratos de traballo que se subscriban co alumnado.

Nos contratos para a formación en alternancia que a entidade promotora subscriba có alumnado participante nos programas de emprego, a Xunta de Galicia subvencionará o 100% do salario mínimo interprofesional, incluída a parte proporcional das dúas pagas extraordinarias.

Así mesmo, tamén subvencionará a totalidade das cotas por conta da persoa



empregadora, correspondentes á seguridade social, fondo de garantía salarial e desemprego, previstas para ditos contratos na súa normativa específica.

Os incrementos debidos ás variacións do importe do salario mínimo interprofesional e as cotizacións sociais poderanse financiar con cargo aos orzamentos vixentes no exercicio en que se produzan.

Finalmente, a etapa de formación, en alternancia coa práctica profesional, terá unha duración de 12 meses, que tamén estará dirixida ao aprendizaxe, cualificación e adquisición de experiencia profesional.

Por todo o anterior, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1. Que valoración fai o Goberno galego do impacto do programa Garantía Xuvenil nas súas convocatorias?
2. Que medidas leva a cabo este programa respecto da creación de emprego na nosa Comunidade?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Nicole Grueira Fernández na data 10/01/2025 10:46:13

Noelia Pérez López na data 10/01/2025 10:46:34

María Encarnación Amigo Díaz na data 10/01/2025 10:46:50

Raquel Arias Rodríguez na data 10/01/2025 10:46:58

Víctor Baladrón Lamas na data 10/01/2025 10:47:19

Dolores Hermelo Piñeiro na data 10/01/2025 10:47:32

Argimiro Marnotes Fernández na data 10/01/2025 10:47:44

Ethel Vázquez Mourelle na data 10/01/2025 10:47:56

Cecilia Vázquez Suárez na data 10/01/2025 10:48:10





Á MESA DO PARLAMENTO

Lara Méndez López, Carlos López Font e Paloma Castro Rey, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

A Rolda Leste ou a LU-021 é unha autovía galega que circunvala a cidade de Lugo: o primeiro tramo, de 2,4 quilómetros, foi inaugurado no ano 2009. O proxecto do segundo tramo, que tería unha lonxitude de case 3 quilómetros, está paralizado dende a finalización do primeiro.

Ano tras ano, vimos como nos orzamentos autonómicos se reflectía unha partida dedicada a ese fin sen que se executara nin un só euro e sen que se avanzara nada na súa tramitación. Logo se pasou á ausencia de financiamento por parte da Xunta de Galicia. E neste último ano, o Goberno galego incluíu nos orzamentos 5 millóns de euros, aínda sabendo que non sería posible acometer a obra.

Iso si, cando se acercaba algunha cita electoral o PP utilizaba esta obra como un tema recorrente de cara a promesas e compromisos, e logo nada se facía a este respecto.

Nestas ultimas eleccións municipais volveu pasar e vimos como, unha vez máis, se sacou dun caixón o proxecto para darlle continuidade a outro iniciado hai vinte anos, iso si, sen contemplar ningún tipo de adaptación do mesmo ás novas disposicións medioambientais a pesar do tempo que transcorreu dende o seu inicio.





Esta circunstancia obrigou ao Concello de Lugo e á Deputación Provincial a presentar alegacións ao proxecto co fin de actualizalo a nova normativa por desfase da anterior.

Nas mesmas, propúñanse, entre outras cuestións, a revisión da evolución normativa realizada desde o 2003 e se alertaba dos substanciais e discordantes cambios da cartografía presentada no PXOM. Tamén se advertía do impacto da obra sobre o Plan Especial de Protección do río Miño, que non foi analizado.

Agora, unha ano despois, a propia Axencia Galega de Infraestruturas danos a razón porque acordou volver avaliar o proxecto desde o punto de vista do seu impacto ambiental, deixando sen efecto o proceso de información pública, que o PP, diante dunhas eleccións, retomou sen ter en conta estas cuestións non menores. É máis, a mesma AGI sostén que detecta na proposta de trazado e execución unha “excesiva afección ambiental” no parque periurbán do río Rato.

Dende o PSdeG entendemos que a Rolda Leste é unha infraestrutura necesaria para o desenvolvemento e crecemento da cidade de Lugo polo que debe ser finalizada, pero a súa execución non pode supoñer un prexuízo para a contorna, paisaxe ou riqueza patrimonial e medioambiental dos e das lucenses. Existen outros aspectos do proxecto que son mellorables, polo que, ao iniciar un novo procedemento de avaliación ambiental, debe terse en conta a normativa vixente, especificamente a Lei 21/2013 de 9 de decembro, de Avaliación Ambiental, e a Lei 9/2018 de 5 de decembro pola que modifica, entre outras, a referida lei 21/2013. Así mesmo, debe analizar o impacto sobre a Vía Künning - que se atopa en proceso de ser recoñecida oficialmente como vía de peregrinación-, e aproveitar para completar o anel hídrico de abastecemento de auga, cuestión que resulta fundamental tanto para o desenvolvemento desta rede nas parroquias do rural como para a súa conexión na zona sur da cidade, á altura da Avenida de Madrid.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2025 12:27:16
Nº Rexistro: 16668
Data envío: 10/01/2025 12:27:16.372

Como dicíamos, a declaración de impacto ambiental presentada pola Xunta basease nun proxecto do ano 2003 e non pode ser válida para unha actuación no período actual, con condicións máis esixentes para preservar a contorna natural e unha maior concienciación cidadán ante a crise climática que nos afecta, polo que é necesario sometela a un novo procedemento de avaliación que garanta a prevención de impactos ambientais nos trazados que se propoñan.

O proxecto de actualización debese aproveitar para facer un estudo maior e asegurar a súa inocuidade sobre a paisaxe, fauna, a propia configuración do territorio e toda a riqueza medioambiental e patrimonial.

Entendemos que se abre unha oportunidade e agradecemos que o Partido Popular se sume a petición do PSdeG a revisar un proxecto aprobado hai vinte anos coas novas necesidades e alternativas escoitando ao resto de administracións e á cidadanía, oportunidade que debemos aproveitar elaborando un proxecto que axunte todas as necesidades propostas.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Ten previsto a Xunta de Galicia crear unha mesa técnica entre as administracións implicadas para trasladarlle os avances do proxecto?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

58874

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2025 12:27:16
Nº Rexistro: 16668
Data envío: 10/01/2025 12:27:16.372

Lara Méndez López na data 10/01/2025 10:32:16

Paloma Castro Rey na data 10/01/2025 10:32:25

CSV: B6P5T8D9K4F3D9Z168-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

58875

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Lara Méndez López, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Unha nova situación de desprotección na atención sanitaria preséntase no Courel debido á ausencia de persoal médico nos centros de saúde do Courel - en Folgoso e Seoane-. Ausencia que se dá durante tres días á semana.

Esta situación prodúcese de novo por un deixamento da Xunta de Galicia, e non por parte dos sanitarios, dado que un está de baixa e outro de vacacións.

Pero o que non se pode consentir é que os habitantes do Courel só se poidan poñer malos durante dous días da semana, que é cando está prevista a asistencia de facultativos presenciais nos centros de saúde do municipio, ou teñan que facer un desprazamento ata a unidade de urxencias de Monforte ou ben ao HULA como xa sucedeu.

Ante esta situación, a Xunta de Galicia, volve insistir en que a cobertura de urxencias está garantida. Garantida pero con graves prexuízos porque algúns doentes tiveron que se desprazar cos seus propios medios para acudir ao HULA e así poder ser atendidos.

Este é un caso máis da desesperación dos cidadáns que se atopan con problemas na atención primaria pero que o único que atopan de resposta por parte da Xunta de Galicia son vaguidades.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2025 12:29:37
Nº Rexistro: 16670
Data envío: 10/01/2025 12:29:37,920

Unha vez máis temos que afirmar que a atención primaria en Galicia, a nivel xeral, está desbordada, neste caso con problemas de substitucións de baixas, permisos ou vacacións

O Courel, necesita unha sanidade pública, universal e de calidade como calquera outro concello de Galicia.

Temémonos que de novo non esteamos ante un tema puntual, dado que agora se achega o período vacacional e a situación non pode facer máis que empeorar.

Ante esta situación, as deputadas que asinan, preguntan:

Ten previsto a Xunta de Galicia a substitución urxente dos médicos para que o Centro de Saúde do Courel teña garantida a asistencia médica durante toda a semana?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 10/01/2025 10:33:34

Elena Espinosa Mangana na data 10/01/2025 10:33:42

Silvia Longueira Castro na data 10/01/2025 10:33:50

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

58877

@PSdeG



CSV: B0P5TRBQ36#KvB4h52
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

Lara Méndez López, Carlos López Font e Paloma Castro Rey, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

O polígono industrial de As Gándaras de Lugo atópase nun momento de crecemento importante, e a gran demanda de empresas por instalarse nel está a obrigar á Xunta e Galicia a seguir avanzando na súa ampliación.

Actualmente, o obxectivo é acondicionar 220.000 metros cadrados de superficie correspondentes a 3 novas fases IV, V e VII-a para a posta a disposición de 38 parcelas de uso industrial, dotadas con todos os servizos necesarios para o exercicio das actividades que se instalen, segundo aseverou a conselleira, en aquel momento, Ángeles Vázquez.

As obras adxudicáronse no pasado mes de abril cun prazo de execución de 15 meses, cun orzamento de 7.501.500 euros, un millón menos da licitación de saída.

En acondicionamentos anteriores, deuse a paradoxa de que nada máis entregar as obras executadas ao Concello de Lugo, comezaron as queixas dos empresarios polo trazado pouco apropiado dos viarios, xa que as fases non se proxectaron pensando na continuidade das seguintes etapas. Os camiños quedan sen continuidade ou mal enlazados, co conseguinte perigo para a circulación, o que supón que é o Concello o quen ten que realizar obras novas nada máis recibir a urbanización.

É un custe público totalmente evitable de contemplarse todas as etapas previstas de urbanización de maneira integral, aínda que logo se faseen.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2025 12:30:08
Nº Rexistro: 16672
Data envío: 10/01/2025 12:30:08,389

O Concello xa pediu en varias ocasión modificacións no deseño previsto para mellorar a mobilidade e a comodidade das persoas usuarias.
(<https://concellodelugo.gal/gl/novas/urbanismo-solicita-ao-igvs-modificacion-de-tres-ruas-no-poligono-de-gandaras-para-mellorar>)

Por iso, sería desexable que se contemple no deseño dos acondicionamentos recentemente adxudicados unha mellor conectividade (viarios e rotondas de enlace), que teña continuidade coas futuras fases aínda sen adxudicar co fin de mellorar a mobilidade e a seguridade viaria dos centenaes de vehículos que se moven por este polígono todos os días.

Ante esta situación, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Ten previsto a Xunta de Galicia, nestas novas fases de obras que vai comezar e co fin de dar unha mellor resposta ás necesidades dos empresarios, de mellorar a seguridade viaria e de racionalizar o gasto público, desenvolver trazados viarios que queden preparados xa para darlle unha continuidade de conectividade apropiada á expansión das futuras fases industriais?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 10/01/2025 10:35:11

Carlos López Font na data 10/01/2025 10:35:26

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

58879

@PSdeG



CSV: B0PISJTB2&B16jvQ8H2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2025 12:30:08
Nº Rexistro: 16672
Data envío: 10/01/2025 12:30:08,389

Paloma Castro Rey na data 10/01/2025 10:35:34

CSV: B6P5TRB2&B6jvQ8H2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

58880

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Lara Méndez López e Patricia Iglesias Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

O tecido asociativo e unha realidade do noso territorio, tecido activo, amplo e moi diversificado.


As asociacións son estruturas vivas que contribúen en gran medida a organizar a vida social dos nosos pobos.

Se, ademais, falamos do noso rural onde en moitas ocasións os locais sociais son o único punto de encontro e o único lugar onde a veciñanza pode xuntarse para falar, facer algún tipo de actividade, cursos ou mesmo para un xantar, estes espazos se converten en lugares vitais para que moitas persoas poidan socializar.

Tendo en conta a dispersión existente e o envellecemento da poboación, resulta vital que as administración utilicen recursos públicos para contribuír a dotar de equipamento e a mellora dos mesmos

A Xunta de Galicia está a dar subvencións para a compra de mobiliario, tal e como están a manifestar distintas asociacións de veciños, e así llo comunican aos seus asociados a través de carteleira que distribúen polo ámbito territorial e nas actuacións dos ditos colectivos. E tal como se amosa no exemplo que se acompaña:





Para moitas asociacións resulta moi complicado acceder a información ou ter coñecemento da liña de axudas posta en marcha pola Xunta de Galicia a pesar de buscar na paxina oficial da mesma, para poder optar a elas.

Ante as preguntas reiteradas que nos trasladan distintas asociacións, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Onde ten publicadas a Xunta de Galicia a liña de axudas para este fin?
2. A que tipo de axudas corresponden e que departamento as outorga?
3. Canto orzamento se destina para este fin?
4. A cargo de que partida orzamentaria vai?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2025 12:30:32
Nº Rexistro: 16674
Data envío: 10/01/2025 12:30:32.983

5. Que máximos de contías hai para as mesmas?
6. Cal son os baremos a aplicar?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 10/01/2025 10:36:47

Patricia Iglesias Rey na data 10/01/2025 10:36:57

CSV: BGR1S1R9G3A4E3W0BZZ1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
58883

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Lara Méndez López e Carmen Rodríguez Dacosta, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

O cambio climático está a provocar un aumento da poboación de carrachas e a proliferación destes parasitos trae consigo nun aumento de picaduras que poden transmitir enfermidades como a de Lyme, unha patoloxía con manifestacións dermatolóxicas, neurolóxicas, reumatolóxicas ou cardíacas.

En Galicia, segundo os datos da Xunta de Galicia do último estudo publicado polo Sergas no seu boletín epidemiolóxico, a incidencia tense duplicado en oitos anos. Rexistráranse 464 casos dende o 2014. Estas taxas de incidencia son moi superiores á media española. E Lugo sobre todo na Fonsagrada con 98 casos, seguida de Meira con 35, Terra Cha con 20, e os Ancares con 17, multiplica por cinco a incidencia media galega pasando esta de 1,21 casos por cada mil habitantes a 3,23. Datos suficientemente preocupantes para poñer o foco no tema e estar vixiantes desta evolución.

As enfermidades transmitidas por estas carrachas do xénero Ixodes están crescendo a nivel global e representan un grave problema de saúde pública, segundo advirte o Sergas. Estes parasitos transmiten bacterias do complexo borrelia que son as causantes da enfermidade de Lyme.

A distribución da infección por sexo e idade, segue os patróns epidemiolóxicos comúns da EL. Da mesma maneira, as diferentes manifestacións clínicas da enfermidade correspóndense coa clínica habitual das xeno especies comúns en Europa.





Precísase coñecer mellor a distribución das carrachas do xénero *Ixodes*, a súa densidade e grao de infestación por borrelia para coñecer a dinámica da enfermidade en Galicia.

A realización de estudos de seroprevalencia en persoas e animais axudarían da mesma maneira a mellorar o coñecemento da borreliose de Lyme.

A perspectiva de “One Health” é unha prioridade para mellorar a capacidade de adaptación da poboación xeral ás carrachas e as enfermidades transmitidas polas carrachas no contexto do cambio climático.

Os comportamentos sociais deben ser considerados unha brecha crítica, salientando as estratexias de saúde pública en medidas de prevención, sobre todo nas comarcas con maiores incidencias do en Galicia.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten previsto a Xunta de Galicia establecer campañas de información de xeito transversal que chegue a totalidade da poboación?
2. Conta establecer a Xunta de Galicia unha liña de axudas para levar a cabo unha campaña de desparasitación, desinsectizar e manter aos animais en bo estado de carne?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro do 2025





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2025 12:31:47
Nº Rexistro: 16676
Data envío: 10/01/2025 12:31:47.624

Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 10/01/2025 10:39:34

Carmen Rodríguez Dacosta na data 10/01/2025 10:39:42

CSV: B6P1S1R9G3RZ1E1M1Q1-g
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**

58886

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Lara Méndez López e Carmen Rodríguez Dacosta, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

O desenvolvemento rural tense que entender como un conxunto de accións e iniciativas que contribúan a promover de xeito integral a mellora da calidade de vida da poboación e a capacidade para poder realizar actividades económicas que permitan vivir dignamente no rural e do rural.

Nos propios piares fundamentais da Unión Europea está acadar os obxectivos de políticas de cohesión económica e social e cohesión territorial, pero isto non é posible de acadar se non hai unha aposta clara e decidida polo desenvolvemento rural.

Para acadar sociedades cohesionadas débense xuntar os esforzos para evitar a sangría de poboación que se está dando no noso rural. En Galicia a perda de poboación é continua.

Son moitos os concellos onde existen moitas aldeas abandonadas nas que xa non vive ninguén e moitos os concellos nos que só viven persoas de avanzada idade que non queren deixar o seu fogar pero sen relevo xeracional ningún, e abocadas a que vaian diminuíndo poboación ata se converteren en lugares sen poboación, e polo tanto, a sumarse aos xa núcleos sen xente.

O rural está en clara desvantaxe en comparación coas zonas urbanas en termos de acceso aos servizos e as oportunidades económicas, por iso, hai que promover un desenvolvemento máis equilibrado entre o rural e o urbano.





Ante a falta de modelo de desenvolvemento e ante os escasos resultados das accións acometidas ata o de agora, urxe a modernización dos sectores do rural e unha aposta decidida por aplicar estratexias transversais que permitan unha maior cohesión económica, social e territorial co fin de que a cidadanía poida vivir do e no rural, e, ademais, vivir ben.

De que no rural se viva ben depende o benestar do resto da cidadanía galega porque o ter un presente e un futuro con calidade ambiental e alimentaria depende dunha boa xestión destes territorios.

Non obstante, non cesa o éxodo ás cidades da mocidade, que logo non regresa polas malas comunicacións: físicas e dixitais, as carencias laborais e os problemas para acceder a unha educación e a unha sanidade próxima e de calidade, así como a carencia de distintos servizos, dificultades, entre outras, que obstaculizan que se poidan establecer no rural en canto queren formar unha familia.

Este compromiso tense que plasmar nas liñas de traballos que se fixen desde o Goberno e como dicíamos teñen que ter carácter transversal que incidan na mellora da calidade de vida e das oportunidades das do rural galego.

Para iso é necesario seguir apostando pola defensa dos servizos públicos de calidade no medio rural galego, de xeito que presten servizo ao territorio rural, sen mingua da súa calidade con respecto dos servizos prestados á cidadanía das áreas urbanas.

A Administración autonómica ten que optar por unha discriminación positiva que permita reverter a situación e así intentar a igualdade de oportunidades por todo o territorio galego.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2025 12:32:20
Nº Rexistro: 16678
Data envío: 10/01/2025 12:32:20.483

As políticas levadas a cabo nestes últimos 15 anos por parte do Goberno do Partido Popular non contribúen en nada na súa mellora, por iso e máis necesario que nunca esa discriminación positiva que contribúa a reverter esta situación.

Tampouco podemos esquecer que as zonas rurais albergan gran parte do noso patrimonio natural, cultural e paisaxístico. Apoiar o rural axuda a preservar e conservar estes recursos tan valiosos como sinal de identidade, así como o seu mantemento.

A todo isto hai que engadir que ante a crise climática que estamos a vivir o rural é imprescindible para combatela ao mesmo tempo que aumentamos a resiliencia da nosa comunidade.

Por todo isto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta:

Ten previsto a Xunta de Galicia elaborar un plan integral de discriminación positiva como ferramenta clave para acadar un desenvolvemento territorial máis equilibrado e sostible a longo prazo?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 10/01/2025 10:42:36

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

58889

@PSdeG



CSV: B0P1STB03Kf5W008-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2025 12:32:20
Nº Rexistro: 16678
Data envío: 10/01/2025 12:32:20.483

Carmen Rodríguez Dacosta na data 10/01/2025 10:42:44

CSV: B0P5TRB03KfW008-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

58890

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Lara Méndez López, Julio Ernesto Abalde Alonso e Silvia Longueira Castro, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

O 25 de agosto celebrouse no concello de Pobra de Brollón un pleno extraordinario para apoiar as demandas que desde a ANPA do colexio Outeiro do CEIP Plurilingüe da Pobra de Brollón están a reivindicar.

O que denuncian desde a ANPA é a inminente decisión da Consellería de Educación de reunir nunha aula a diferentes niveis, coa sospeita de xuntar a alumnos e alumnas de diferente ciclos de Educación Primaria.

O que solicitan é que non se agrupen os distintos niveis e se aplique o establecido na resolución do 10 de xaneiro de 2024, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se dá publicidade do texto do acordo entre a Consellería e as organizacións sindicais CC.OO, ANPE, e UGT-SP Ensino sobre medidas que melloran o funcionamento do sistema educativo e as condicións laborais do persoal funcionario e laboral docente da Comunidade Autónoma de Galicia que imparte as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, a cal indica no anexo 2.7:

“Nas aulas que escolaricen alumnado de diferentes niveis, ciclos, e/ou etapas educativas serán de aplicación as ratios recollidas no acordo de agrupamentos do alumnado, do 10 de xullo de 2009”





O dito acordo establece no apartado cuarto: *“que se poderá agrupar o alumnado de Educación de Primaria pertencente a distinto ciclo nunha mesma unidade cando o número sexa igual ou inferior a 12.*

O que expoñen desde a ANPA e que a ratio que se aplicará será de 18 alumnos e alumnas sen importar curso, ciclo, calidade da ensinanza, necesidades.

Que o número de mestres e mestras e a redución das súas horas de traballo semanal, non lles garanten a correcta educación e acompañamento dos nenos e nenas.

Que están en total desacordo e que trataran de que se cumpra a ratio do acordo do 10 de xullo de 2009.

Desde o PSdeG sumámonos ás demandas e reivindicacións que están a facer tanto a ANPA do colexio Outeiro do CEIP Plurilingüe da Pobra de Brollón como as distintas organizacións sindicais.

Que se garanten os mesmos dereitos para todos os nenos e nenas e a mesma calidade educativa, ten que ser un obxectivo prioritario. O futuro da nosa crianza, e polo tanto, o futuro da nosa sociedade depende da calidade educativa.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Ten previsto a Xunta de Galicia informar a ANPA mediante correo ordinario ou correo electrónico a lei, orde, resolución, acordo ou calquera outro tipo de escrito onde apareza reflectida a ratio de 18 alumnos e alumnas por unidade?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2025 12:33:00
Nº Rexistro: 16681
Data envío: 10/01/2025 12:33:00,796

2. Pensa a Xunta de Galicia reconsiderar a decisión de xuntar nunha unidade diferentes cursos e ciclos, xa que o número de matrículas excede a ratio, e se lles concedan os medios humanos precisos para garantir unha educación de calidade?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 10/01/2025 10:43:49

Julio Abalde Alonso na data 10/01/2025 10:43:58

Silvia Longueira Castro na data 10/01/2025 10:44:07

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

58893

@PSdeG



CSV: BGP/STBDC/4E1W/6P0A/25
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

Lara Méndez López, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Colapso, saturación do pouco persoal dispoñible e malestar das persoas usuarias. Así resumía a finais de ano un medio de comunicación a situación que está a vivir a área de pediatría do centro de saúde de Monforte debido a ausencia de médicos.

A falla de facultativos en pediatría lastra ao centro de saúde monfortino dende hai xa moitos meses o que xera malestar entre o persoal facultativo e as e os pacientes do centro.

O centro de saúde de Monforte conta con tres prazas de pediatría e a pesar de iso en moitas ocasións quede sen este servizo ante a falta de facultativos. É obrigación do Sergas dar cobertura ás vacacións, días libres e baixas, pero en moitas ocasións isto non ocorre.

A área de pediatría de atención primaria en Monforte volve a estar no punto de mira novamente ao non contar con ningún pediatra estes días, e isto afecta tamén aos distintos concellos que teñen o servizo de pediatría en dita área sanitaria como poden ser os concellos de Pontón ou Sober.

Esta situación estase a converter nunha problemática estrutural ante a inacción da Xunta de Galicia, son moitos os pais e nais que se están a ver afectados e teñen que ser atendidos por médicos de familia ou derivados a outros centros.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2025 12:33:32
Nº Rexistro: 16683
Data envío: 10/01/2025 12:33:32.156

Isto, xa de por si é un problema, agrava a situación na atención primaria e na sobre carga dos pediatras que vén incrementada a súa carga de traballo xerando unha presión asistencial moitas veces inasumible que moitas veces acaba coa baixa dos facultativos.

A falta de facultativos esténdese por toda a provincia afectando á totalidade da poboación, o que está a pasar na comarca de Monforte tamén ocorre na Mariña e na zoa centro da provincia. En concellos como Viveiro, Mondoñedo, Vilalba, Castro de Rei, Sarria e un longo etc.

A Xunta de Galicia no pode quedar á espera de que o gran traballo que fan os profesionais sexa o garante dunha asistencia de calidade.

Por todo isto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Que medidas ten previsto a Xunta de Galicia para paliar a falla de facultativos pediátricos en Monforte e no resto da provincia?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 10/01/2025 11:28:59

Elena Espinosa Mangana na data 10/01/2025 11:29:08

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

58895

@PSdeG



CSV: B0P1S1R0C24B1W1E1F1B1E2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2025 12:33:32
Nº Rexistro: 16683
Data envío: 10/01/2025 12:33:32.156

Silvia Longueira Castro na data 10/01/2025 11:29:14

CSV: B6P1S1R9C24B1E1F1842
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**

58896

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Lara Méndez López e Carmen Rodríguez Dacosta, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

Galicia só conta con 7 municipios que superan os 50.000 habitantes, o que corresponden coas grandes cidades, 49 concellos entre 50.000 e 10.000 habitantes 57 entre 10.000 e 5.000 e os que nos chegan aos 5.000 habitantes son 200 municipios.

Dito doutro xeito 306 municipios galegos teñen menos de 50.000 habitantes, e os que non chegan aos 10.000 habitantes son 257.

A realidade galega dificulta a conexión dixital mediante fibra óptica e iso reflíctese nos datos, se en España o 89,87 % dispoñen da dita conexión, en Galicia esa cifra só alcanza o 77,1 %, o que supón 12,77 puntos por debaixo da media estatal. Pero se o levamos ao rural galego esta cifra descende de modo preocupante chegando a baixar ata o 55,34 %, 43,53 % menos que a media española.

Dixitalizar o rural galego é unha obriga para garantir que todos os cidadáns independente de onde vivan teñan os mesmos dereitos e as mesmas oportunidades. Sabemos das dificultades engadidas que presenta o noso país pola dispersión xeográfica, a dispersión da poboación, pero isto non pode supoñer un inconveniente para dotar de internet a todo o territorio.

O esforzo que se faga neste ámbito contribúe a erradicar a fenda dixital entre zonas rurais e urbanas, contribúe a asentar poboación no rural. A fomentar a





igualdade de oportunidades e a garantir a libre elección de vivir no lugar desexado.

Hoxe as novas tecnoloxías son imprescindibles no noso día a día, no ámbito laboral, educativo, e social. Polo que a implicación das administracións e imprescindible.

Desde o Goberno de España estase a facer un investimento de fondos que combaten esta realidade tanto a nivel de usuarios individuais como do esforzo investidor en Pymes e Autónomos e o financiamento en proxectos tecnolóxicos a través dos Pertes.

A Comunidade Autónoma tamén ten posto en marcha distintos proxectos ou estratexias coa mesma finalidade algunhas delas con fondos europeos, entre eles a Estratexia Galicia Dixital 2030, con investimentos privados e públicos.

Pero o compromiso da Xunta debe ser maior para asegurar a igualdade de dereitos e a igualdade de oportunidades e con iso potenciar a nosa economía, as relacións persoais, as relacións coas administracións, así como o asentamento da poboación no rural.

A pesares destes avances a fibra óptica non dá cobertura á totalidade do territorio nin á totalidade dos fogares galegos, aínda existen retos para levar a conectividade de alta calidade ás zonas rurais e máis despoboadas para seguir estendendo a cobertura e calidade do acceso a internet en toda a comunidade autónoma.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2025 12:33:56
Nº Rexistro: 16685
Data envío: 10/01/2025 12:33:56.890

Por iso, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta:

Ten previsto a Xunta de Galicia dotar de máis orzamento para proxectos ou estratexias que permitan a Galicia alcanzar o 89,87 % de conectividade e, cando menos, obter os niveis estatais?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 10/01/2025 10:49:20

Carmen Rodríguez Dacosta na data 10/01/2025 10:49:28





Á MESA DO PARLAMENTO

Lara Méndez López e Carmen Rodríguez Dacosta, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

Na Comisión 7ª do pasado 13 de setembro debatíamos sobre a necesidade de que a Xunta de Galicia permita ás persoas titulares de explotacións agrarias a opción de tramitación de calquera expediente de forma presencial.

Dende o noso grupo parlamentario estamos de acordo con que se recupere a tramitación presencial tal e como amosamos en dita comisión. Pero tamén é certo que a tendencia é ir camiñando para acadar unha transición á dixitalización da Administración.

A Xunta de Galicia leva anos desmantelando as oficinas agrarias comarcais, o que provoca que xa non se tramitan alí moitos dos trámites que se viñan realizando dende décadas, que non se reducen soamente a ter un rexistro presencial, senón que atinxe a temas tan importantes e complexos como plans de mellora, incorporación de mozas e mozos por citar dúas das máis importantes e complexas na súa tramitación.

Fai uns anos, un gandeiro acudía a unha oficina agraria e a propia Administración lle facía un estudo económico que era imprescindible para a solicitude dun plan de mellora ou unha incorporación, cousa que hoxe ten que facer a propia persoa interesada, ben pagando a un técnico pola súa conta ou acudindo a unha organización profesional agraria, que son as que veñen asumindo o traballo que vai abandonando a Administración autonómica, sen





que esta lles transfira recursos económicos para que o custe non recaia sobre os gandeiros e agricultores.

A Xunta de Galicia utilizou a pandemia como escusa para facer o cambio radical da forma analóxica á dixital, sen ter en conta as limitacións de cobertura, de equipos, e sobre todo, de formación en dixitalización dos habitantes do rural.

Dende o PSdeG entendemos que isto debe ser un proceso e mentres non se solventa as eivas existentes (cobertura, equipos, formación), ten que convivir a tramitación presencial con medidas que contribúan a facer esta transición de xeito ordenado e sen prexuízo para a persoa administrada.

É dicir, trátase de facer una transición tranquila, acompañada, tutelada, do analóxico ao dixital.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten previsto a Xunta de Galicia poñer en marcha unha liña de axudas para compra de equipos informáticos ás persoas habitantes das zonas rurais e nomeadamente a explotacións gandeiras e agrícolas?
2. Conta a Xunta de Galicia a posta en marcha de cursos de formación para que estes podan aprender a manexar eses equipos e a tramitar de xeito electrónico o que precisen?
3. Contempla a Xunta de Galicia que nas oficinas agrarias, efectivamente se podan rexistrar de xeito presencial o que se precise, pero que se poña a disposición nestas oficinas tamén, equipos informáticos que poidan ser utilizados polas persoas interesadas, e coa axuda dun traballador da Administración, poidan xerar as solicitudes, os trámites, os impresos.... O que sexa, para que despois poda ser presentado





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2025 12:34:25
Nº Rexistro: 16687
Data envío: 10/01/2025 12:34:25.000

telematicamente nese momento coa axuda da persoa funcionaria, e así aprendan a facelo para nun futuro, entón si, podan facelo eles mesmos nas súas casas?

4. Estuda a Xunta de Galicia transferir recursos ás Organizacións profesionais agrarias que asumen o traballo que, por desleixo e por ese paulatino desmantelamento das oficinas agrarias comarcais que leva a cabo a Xunta de Galicia, deixa de facer a Administración e recae nalgunhas xestorías, pero fundamentalmente nesas OPA?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 10/01/2025 10:50:28

Carmen Rodríguez Dacosta na data 10/01/2025 10:50:36





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2025 12:34:52
Nº Rexistro: 16689
Data envío: 10/01/2025 12:34:52.156

Á MESA DO PARLAMENTO

Lara Méndez López, Julio Ernesto Abalde Alonso e Silvia Longueira Castro, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

O conselleiro de Educación daba conta da situación que se está a dar no CEIP Plurilingüe Castro de Ouro de Alfoz en sede parlamentaria.

Lonxe de admitir a realidade e dar conta do que ten previsto realizar a Xunta de Galicia para solucionar esta situación o conselleiro sacaba peito da situación que se esta a dar no centro educativo.

Falaba de que se partían de dúas premisas falsas e que se facía unha mala interpretación do que recolle o decreto, RESOLUCIÓN do 10 de xaneiro de 2024, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se dá publicidade do texto do Acordo entre esta Consellería e as organizacións sindicais CC.OO., ANPE e UGT-SP Ensino sobre medidas que melloraran o funcionamento do sistema educativo as condicións laborais do persoal funcionario e laboral docente da Comunidade Autónoma de Galicia que imparte as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación.

As premisas as que facía referencia era ante o sistema de agrupamento e sobre as axudas dos nenos con necesidades especiais, incidindo ou ben que eran falsas ou que se facía unha mala interpretación das mesmas.

A realidade e que son as ANPA, as comunidades educativas e os concellos os que están a denunciar constantemente esta situación. concentrándose os luns diante do colexio para esixir a Xunta de Galicia solucións.





A propia ANPA trasladaba un comunicado que di de maneira literal o seguinte:

A ANPA do CEIP plurilingüe Castro de Ouro de Alfoz denuncia a carencia de profesorado no inicio do curso escolar 24/25 dende a asociación anúnciase o inicio de mobilizacións ante o incumprimento por parte da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades dos acordos sobre agrupamentos previstos para o curso 2024/2025 e a supresión da praza de especialista en pedagogía terapéutica no Centro de Alfoz a ANPA do CEIP plurilingüe Castro de Ouro de Alfoz, despois de ser informados dende o centro educativo, e confirmado pola propia inspección, do incumprimento por parte da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades dos acordos sobre agrupamentos previstos para o curso 2024/2025, manifesta o seu total rexeitamento a esta situación. No día de hoxe, coincidindo co inicio do curso, foron testemuñas do malestar das familias, agravado polo anuncio de que “ademais de non mandar un mestre a maiores para cumprir o acordo de ratios de agrupamento, atopámonos que nos eliminan a especialista en Pedagogía Terapéutica coa que contaba o centro, todo isto nun curso no que aumentou o alumnado” indican dende a asociación.

O CEIP Plurilingüe Castro de Ouro, é un dos 8 centros da provincia de Lugo afectados polo incumprimento do acordo de melloras respecto á ratio da RESOLUCIÓN do 10 de xaneiro de 2024 (publicado o 17 de xaneiro de 2024) onde se recolle no punto 2.7 que nas aulas que escolaricen alumnado de diferentes niveis, ciclos e/ou etapas educativas serán de aplicación as ratios contemplados no acordo de agrupamentos do alumnado de 10 de xullo de 2009. Dende a ANPA recordan que “o noso centro conta co número de alumnos por agrupamento de distinto ciclo necesarios para a aplicación deste acordo”, subliñando ademais que “o centro poida contar con alumnos con necesidades específicas de apoio educativo” algo incompatible coa eliminación de especialistas. Así mesmo, pregúntanse “que vai a pasar cando falte algún





profesor”, pois Dende a Xefatura xustifican que non sería preciso xuntar grupos, xa que hai profesores de garda ou especialistas que segundo a distribución das xornadas poderían cubrir esa necesidade, “algo que no noso centro non se cumpriría coa eliminación da especialista en Pedagogía Terapéutica”.

O pasado mes de xuño, a anpa do CEIP Castro de Ouro enviou á Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades un escrito indicando a situación na que se atoparía o centro neste curso 24/25, “sen recibir ningún tipo de resposta por parte da Xefatura Territorial”, todo iso a pesares do aumento de matrícula. Dende a asociación indican que se trata dun “agravio contra os colexios do rural e particularmente contra o noso centro que non estamos dispostos a aceptar, polo que esiximos á Xefatura Territorial que se manteña a praza de especialista en Pedagogía Terapéutica e se cumpran os acordos anteriormente citados” e reflexados na RESOLUCIÓN de 10 de xaneiro de 2024, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se da publicidade do texto do Acordo entre esta consellería e as organizacións sindicais C.OO., ANPE e UXT-SP Ensino sobre medidas que melloran o funcionamento do sistema educativo e as condicións laborais do persoal funcionario e laboral docente da Comunidade Autónoma de Galicia que imparte as ensinanzas reguladas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación. Ante esta situación, a Anpa do CEIP Castro de Ouro de Alfoz, á espera da resposta da Xefatura Territorial, ten inicialmente convocada unha concentración á entrada do centro educativo, ás 9:30 horas do luns 16 de setembro, “non descartando outro tipo de iniciativas encamiñadas á defensa do ensino público dos nosos fillos e fillas”.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista nin entendemos nin compartimos a actitude da Xunta de Galicia e sumámonos ás reivindicacións que lle están a pedir a Consellería de Educación para que dea resposta as súas necesidades.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2025 12:34:52
Nº Rexistro: 16689
Data envío: 10/01/2025 12:34:52.156

Por todo isto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Ten previsto a Xunta de Galicia rectificar, cubrir as necesidades do centro e cumprir co reflectido na RESOLUCIÓN do 10 de xaneiro de 2024, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se da publicidade do texto do Acordo entre esta Consellería e as organizacións sindicais CC.OO., ANPE e UGT-SP Ensino sobre medidas que melloraran o funcionamento do sistema educativo as condicións laborais del persoal funcionario e laboral docente da Comunidade Autónoma de Galicia que imparte as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 10/01/2025 10:51:35

Julio Abalde Alonso na data 10/01/2025 10:51:43

Silvia Longueira Castro na data 10/01/2025 10:51:52

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

58906

@PSdeG



CSV: B0PIS7B0G0R1R1G3G29
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2025 12:35:21
Nº Rexistro: 16691
Data envío: 10/01/2025 12:35:21.547

Á MESA DO PARLAMENTO

Lara Méndez López, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O Concello de Trabada xunto coa Plataforma Pública da Mariña teñen manifestado a situación preocupante que está a vivir o Concello no eido sanitario chegando a manifestarse para reclamar uns servizos sanitarios dignos, pedindo dúas prazas de medicina de familia cubertas todos os días e durante a quenda completa.

Trabada leva preto dun ano cun só médico dende a xubilación no ano 2023 dun dos facultativos que non foi substituído en ningún momento por parte do Sergas, situación esta previsible e, polo tanto, con capacidade de previsión.

Durante todo este tempo un só médico, dos dous que ten o cadro de persoal tivo que asumir a totalidade da carga de traballo do centro de saúde. Co estrés laboral que supón para quen ten que asumir esta situación.

Un concello, como moitos de Galicia, cunha poboación moi avellentada, dispersión xeográfica acusada cunha distancia entre núcleos de poboación moi extensa. unha gran porcentaxe de maiores de 65 anos, unha poboación altamente demandante de atención médica e de coidados de enfermería, con casos de atención domiciliaria.

A isto hai que sumarlle que o concello conta cunha residencia de maiores con praza para 39 usuarios tamén atendidos polos efectivos do centro de saúde, o cal supón que o único médico teña que atender tamén ás e aos usuarios do centro.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**

58907

@PSdeG



CSV: B0PIS7R0G0K7EG3JH-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2025 12:35:21
Nº Rexistro: 16691
Data envío: 10/01/2025 12:35:21.547

Esta situación durante o mes de agosto supuxo en moitas ocasións un servizo deficitario, tendo en conta o período vacacional ao que ten dereito provocou que nalgunha ocasión a falta total de facultativos uníndose a carencia de enfermería quedase o centro de saúde sen persoal sanitario obrigando a terse que desprazarse a unha profesional de Ribadeo.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Ten previsto a Xunta de Galicia cubrir as necesidades do Centro de Saúde do Concello de Trabada?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 10/01/2025 10:53:00

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

58908

@PSdeG



CSV: B0P1S1R0G0K7EG/3JH-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2025 12:35:21
Nº Rexistro: 16691
Data envío: 10/01/2025 12:35:21.547

Elena Espinosa Mangana na data 10/01/2025 10:53:08

Silvia Longueira Castro na data 10/01/2025 10:53:15

CSV: B6P5TRB3K7EG/3JH-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**

58909

@PSdeG







En canto ás instalacións os timbres das habitacións non funcionan, co cal se unha persoa precisa axuda non pode avisar no caso de que precisen ir o baño, beber un vaso de auga ou un cambio de panal. Isto provoca outros problemas engadidos que son as caídas que se producen por non ter axuda e por ter que facer estas cuestións básicas eles mesmos.

Todo isto provoca unha saturación nas traballadores do centro polo exceso da carga de traballo e a falta de material existente e cando chega xa a límites insostibíbles e vense obrigados a coller unha baixa estas non se cobren, o que levou en máis de unha ocasión a que dúas persoas atendan a 50 residentes en dúas quendas.

Outra das queixas manifestadas por parte das persoas usuarias con maior autonomía, son as referentes ás comidas que son pouco elaboradas escasas e pouco variadas, e se lle sumamos a falta de persoal neste eido fai que ou ben se xunte algún menú ou o que peor que pasen moitas horas sen comer nada.

As visitas aos seus familiares a parte de ter con cita previa, cada vez lle reducen máis o tempo das mesmas e en moitos casos teñen que estar esperando quince vinte minutos para poder entrar.

Por todo isto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten coñecemento a Xunta de Galicia de esta situación?
2. Que vai facer a Xunta de Galicia para restablecer o bo funcionamento do centro?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro do 2025





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2025 12:35:45
Nº Rexistro: 16693
Data envío: 10/01/2025 12:35:45,532

Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 10/01/2025 10:54:08

Silvia Longueira Castro na data 10/01/2025 10:54:16

Elena Espinosa Mangana na data 10/01/2025 10:54:24

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**

58912

@PSdeG



CSV: B6P5TRB9CJHJGFW9B52
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

Lara Méndez López, Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O alcalde de Foz, Fran Cajoto, vén de solicitar de novo por escrito unha reunión coa conselleira de Política Social, Fabiola Martínez, despois de que non obtivese ningunha resposta á misiva enviada o pasado 10 de xuño e que lle volveu a reiterar o 3 de setembro.

O que supón que leva tres meses sen resposta a pesar de trasladarlle a urxencia da mesma. O rexedor nas distintas cartas lle trasladaba á conselleira que está a incumprir o convenio asinado co Concello de Foz, no que o Consorcio de Igualdade e Benestar se comprometía a ceder a propiedade do edificio e mobiliario da residencia e centro de día de Foz. E a día de hoxe segue sen ningún tipo de resposta.

O modelo de xestión é un modelo herdado do Partido Popular e que non foi posible cambiar en xaneiro do 2023 cando vencía o anterior convenio. A problemática das tarifas deriva dos compromisos adquiridos polo anterior alcalde, o Señor Castiñeira, en 2017 coa Xunta de Galicia. Todas e todos os veciños de Foz están a facer un esforzo moi importante con fondos enteiramente municipais para suplementar os prezos do anterior contrato e pagar as prazas das 40 persoas residentes. Estamos a falar de 370.000 euros anuais, cando se trata dunha competencia autonómica.

A obrigada xestión municipal da residencia e centro de día de Foz está provocando un sobre esforzo económico e de xestión ao Concello e un trato





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2025 12:36:49
Nº Rexistro: 16695
Data envío: 10/01/2025 12:36:49.001

discriminatorio ás persoas usuarias con respecto ás residencias que xestiona directamente a Xunta de Galicia. Tendo a Xunta de Galicia competencias exclusivas en materia de asistencia social segundo o artigo 27.23 do Estatuto de Galicia e non recibindo ningún fondo para este fin o Concello de Foz como é obrigado para unha competencia impropia, vense na obriga de dispoñer con fondos propios municipais axudas de emerxencia para o sostemento daquelas persoas que non dispoñendo de recursos económicos nin familiares que cumpran as súas obrigas de manutención necesitan deste servizo. É necesario abordar este asunto dunha maneira clara, directa e propositiva.

A conselleira non so debe escoitar ás veciñas e veciños de Foz, na figura do seu alcalde, senón que ten que atender as súas peticións para darlle resposta e solucións.

Por todo isto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Ten previsto a conselleira de Política Social recibir e atender as peticións que lle ten trasladado o alcalde de Foz?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 10/01/2025 10:55:06

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

58914

@PSdeG



CSV: B6P1S7R9G0HtH7z3h-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2025 12:36:49
Nº Rexistro: 16695
Data envío: 10/01/2025 12:36:49.001

Silvia Longueira Castro na data 10/01/2025 10:55:14

Elena Espinosa Mangana na data 10/01/2025 10:55:25

CSV: B6P5TRB9G0HtHyz3h-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

58915

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Lara Méndez López, Julio Ernesto Abalde Alonso, Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión 1.^a, Institucional, de **Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

O concepto de plan único, nace cun obxectivo, trátase de financiar proxectos nos concellos para promover o desenvolvemento local mellorando as infraestruturas e servizos para a cidadanía, busca apoiar aos concellos nas súas iniciativas e necesidades. Promovendo a sustentabilidade financeira e a cooperación intermunicipal.

A Deputación Provincial da Coruña foi a primeira que puxo en marcha esta iniciativa, seguida pola de Lugo e logo Pontevedra, todos elas baixo gobernos Socialistas, agora sumase tamén a deputación de Ourense, que a pesar de resistirse a longo do tempo, ao fin entendeu a súa importancia para o territorio.

Un plan que permita a todos os concellos concorrer en igualdade de condicións, con criterios obxectivos, definidos e transparentes. Para que independentemente quen governe cada un dos concellos todos teñan unha garantía na consecución deses fondos públicos.

Recentemente liamos nos medios de comunicación que os concellos galegos xunto coas deputacións tiñan invertido en obra pública durante os dez primeiros meses deste ano 376,12 millóns de euros. Unha cantidade que supera a inversión da Xunta de Galicia, a pesar de contar cuns orzamentos moi por debaixo do orzamento da Xunta de Galicia, unha cuarta parte dos recursos do que dispón a Xunta de Galicia, 3.500 millóns fronte aos 14.000 da Xunta de





Galicia. Segundo os datos que manexa a Federación Galega da Construción. Realidade que se contrapón coa falla de investimento da Xunta de Galicia.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista temos posto de manifesto en moitas ocasións a situación que viven todos os concellos galegos, asumindo cada vez máis competencias impropias, ou competencias sen recursos para facer fronte ás necesidades dos veciños e veciñas. En moitos casos poñendo en perigo a sustentabilidade financeira e a viabilidade da Administración local.

Co fin de que os concellos poidan ter e saber con que recursos pode contar, para poder planificar e facelo coa capacidade de deseñar políticas máis aló de un mandato, que é o que permite as transformacións dos territorios e, polo tanto, capacidade de crecemento en tódolos ámbitos.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten previsto a Xunta de Galicia elaborar un plan único autonómico con orzamento suficiente, sen minguar o fondo galego de cooperación, para todos os concellos, con criterios obxectivos, definidos e transparente?
2. Para elaborar as bases da convocatoria, contará a Xunta de Galicia coa Fegamp onde se teña en conta a singularidade dos distintos concellos e que sexa con carácter anual?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2025 12:37:12
Nº Rexistro: 16697
Data envío: 10/01/2025 12:37:12.141

Lara Méndez López na data 10/01/2025 10:56:43

Julio Abalde Alonso na data 10/01/2025 10:56:51

Paloma Castro Rey na data 10/01/2025 10:57:01

Patricia Iglesias Rey na data 10/01/2025 10:57:09

CSV: B6PIS7R9C4W6T6V43Bz2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

58918

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Lara Méndez López, Julio Ernesto Abalde Alonso e Patricia Iglesias Rey, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Cada vez son máis voces as que se suman á necesidade de implementar a chamada 'taxa turística', son os alcaldes e alcaldesas as que falan da situación moitas veces extrema dos seus concellos, sobre todo na época estival. Cada concello ten as súas propias peculiaridades e particularidades e, polo tanto, son os alcaldes e as alcaldesas as que mellor coñecen a súa realidade.

O presidente da Xunta de Galicia mostrou as súas reticencias á taxa pola imaxe non desexada e non real de mostrar unha Galicia masificada, e que isto podería ir en detrimento do turismo de Galicia.

A realidade é que non se trata de que sexa unha medida disuasoria para mermar o turismo en Galicia, senón de ofrecer máis calidade nos servizos públicos e incluso aplicar medidas para axudar ao sector turístico para que sexa máis sostible. Hoxe en día, ata os propios turistas aceptan a taxa como unha forma de aliviar a presión e contribuír aos gastos sobrevividos que teñen que asumir os concellos. A maioría dos turistas concordan na necesidade de regular os excesos turísticos.

Con isto no só gañarán os concellos senón tamén os propios turistas disfrutando máis dos espazos, e da súa experiencia co noso territorio.

Son moitos os concellos que duplican e incluso triplican a súa poboación nas épocas vacacionais (verán, nadal, semana santa, carnaval, distintas pontes ao





longo do ano) e isto leva implícito un sobrecusto nas arcas municipais que teñen que asumir en solitario. Estamos a falar de sobrecusto no control do tráfico, xestión de residuos, mantemento zoas verdes, mantemento do mobiliario, alumado, deterioro do medio natural, consumo de auga, máis persoal e un largo etc.

Isto provoca un problema para prestar adecuadamente estes servizos, tanto no relativo á xestión da prestación como na súa propia calidade dos mesmos. O que fai que os e as rexedoras municipais dende a responsabilidade incrementen os recursos económicos, materiais e humanos co obxectivo de ofrecer uns óptimos servizos e unha boa percepción da zona que visita. Porque na propia imaxe dos concellos vai tamén que as persoas visitantes repitan o seu lugar vacacional e que falen ben da experiencia vivida. Imaxe que non só afecta aos propios concellos senón tamén a imaxe de Galicia.

Actualmente, este costes adicionais o teñen que asumir as administracións locais en solitario e, polo tanto, ese sobrecusto o teñen que sufragar en definitiva a veciñanza de cada municipio.

Partimos da realidade de que cada concello ten a súa singularidade e non todos asumen o mesmo porcentaxe de visitantes. Cada un ten unha realidade distinta polo que non sería una demanda conxunta, pero si que deberían ter a capacidade de decidir se aplican ou non a taxa turística.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2025 12:37:54
Nº Rexistro: 16699
Data envío: 10/01/2025 12:37:54.001

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Contempla a Xunta de Galicia delegar aos concellos a decisión de aplicar a taxa turística baixo un marco xeral establecido pola propia Xunta de Galicia da man dos concellos ao ser os que mellor coñecen a realidade dos seus territorios?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 10/01/2025 11:38:29

Julio Abalde Alonso na data 10/01/2025 11:38:38

Patricia Iglesias Rey na data 10/01/2025 11:38:46

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

58921

@PSdeG



CSV: B0PISJTB0Z4KREY0Aq-Z
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

Lara Méndez López e Carmen Rodríguez Dacosta, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

Tanto a Lingua Azul como a Enfermidade Hemorráxica Epizoótica son enfermidades víricas de transmisión por vectores (mosquitos do xénero *Culicoides* spp), chupando sangue dun animal enfermo e inoculando o virus nun animal san. Polo que se controlamos a presenza dos mesmos estamos protexendo ao censo gandeiro.

O cambio climático está a facer que o vector perda o carácter estacional de hibernación/inactividade do vector, facilitando a presenza do mesmo durante a maior parte do ano ou si as condicións son moi benignas durante todo o ano.

Polo que, o “Período Estacional Libre de vector” (PEL), que se establece pola administración dende decembro a mediados de abril, período no que se teoriza que non hai vector e poderíanse mover os animais sen restrición, habería que descartalo por efectos prácticos: unha vez que se establecen criterios de loita ata que a enfermidade non se declare erradicada deberan manterse.

A patoloxía é moi similar nas dúas enfermidades, inoculación do virus polo vector, un período de incubación da enfermidade de entre 4-8 días, curso da enfermidade durante 8-20 días, si o animal supera a enfermidade, quedaría portador do virus durante mínimo tres meses. A posibilidade de que haxa animais portadores, colle máis importancia polo feito de que a non estar toda a cabana gandeira vacinada, dá lugar a que durante eses 3-5 meses poida





aparecer o vector e picar a un portador asintomático e transmitírllo a un animal san, perpetuando a infección.

A vacinación é obrigatoria, mais non se estableceu por parte da Consellería un prazo, só as restricións de movemento de animais non vacinados no período de vector, que foi adiada mes tras mes. Si se quere ter o brote controlado débese implementar a vacinación o antes posible e a toda a cabana gandeira, para evitar as bolsas de reservorio da enfermidade.

Ante a situación trala comunicación de restricións de movementos dos animais non vacinados en período de vector, se decidiu por parte dos servizos veterinarios recomendar vacinar canto antes a todas as explotacións, para chegado o momento non tivesen esa restrición.

Así a partir do 16 de abril do ano en curso, establécese o período de actividade do vector e entran en vigor as condicións de restrición de movementos, pero dende esa data establécese unha excepción: ata o 1 de xuño nas zonas novas (Coruña e resto de Lugo) pódense mover os animais aínda non vacinados, logo prorrogase ata o 30 de xuño, despois ata o 31 de xullo, despois ata o 31 de agosto, logo ata o 8 de setembro, data a partir da cal se exixen todas as condicións a cumprir para autorizar o movemento (animal vacinado ou fillo de nai vacinada), pero o 10 de setembro procédese a volver a prorrogar os movementos ata o 30 de setembro por parte do Xefe do Servizo de Sanidade Animal, Subdirección Xeral de Gandaría, Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, Consellería do Medio Rural.

Todas estas prórrogas provoca desconcerto entre os gandeiros e gandeiras, servizos veterinarios, oficinas comarcais, matadoiros, feiras gandeiras, en definitiva a toda a cadea de actuación, dificultando a implementación de medidas.





O 18 de setembro o ministro de Agricultura, Luis Planas, anunciaba que a próxima semana o Goberno aprobaría o decreto de bases para as axudas dirixidas a paliar os danos producidos pola EHE. e o 24 de setembro se ratificaba que o Consello de Ministros aprobara mediante Real decreto as bases reguladoras das axudas para compensar ao sector gandeiro polos prexuízos económicos ocasionados pola EHE así como a distribución de fondos por valor de 15 millóns de euros.

O Goberno vai destinar máis de 23 millóns de euros (23.092.501,35 €) en axudas ao sector gandeiro para compensar os gastos ocasionados pola EHE, financiar o programa nacional de erradicación da tuberculose bovina e compra de vacinas contra o serotipo 8 da lingua azul. As axudas irán destinadas a compensar polas perdas de animais, pola desinsectación das explotacións e polos gastos veterinarios incorridos polo gandeiro para loitar contra esta enfermidade, entre os que se inclúen os desembolsos para a adquisición de vacinas para aqueles gandeiros que decidan voluntariamente utilizala.

Deste xeito o Goberno central cumpre co comprometido no Foro Nacional de Gandeira Extensiva, celebrado o pasado mes de maio en Toledo, coñecido como o Foro de Toledo, de poñer en marcha un programa nacional de apoio económico aos gandeiros afectados polo EHE. En dito foro tamén se comprometeu a poñer a disposición unha vacina eficaz, e esta xa está dispoñible dende o pasado mes de agosto e pode utilizarse de xeito voluntario.

Pola contra dende o Goberno galego descoordinación, falta de planificación, falta de recursos, falta de persoal, falta de control. O que deriva que se este dando unha casuística que lonxe de ir controlándose se está a propagar.





Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Prevé a Xunta de Galicia unha mellor planificación dos protocolos e procedementos a seguir: Desinsectación de animais, de establos e instalacións. Desinfectar instalacións e vehículos de transporte de gando e calquera outro vinculado coa explotación?
2. Ten pensado a Xunta de Galicia comprometerse aportando recursos propios que complementen os que veñen do Estado, co fin de asumir o custo das vacinas da lingua azul e a EHE, independentemente quen a realice. Así como maior dotación de persoal tanto nas oficinas agrarias como maior coordinación na obriga de rexistrar a vacinación animal para que nos de dobre esforzo sen resultados e co fin de conseguir unha rápida vacinación?
3. Contempla a Xunta de Galicia incrementar as contías a percibir por parte das e dos gandeiros para os distintos fins entre eles as que se perciben por morte do animal?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro do 2025





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2025 12:38:19
Nº Rexistro: 16701
Data envío: 10/01/2025 12:38:19.095

Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 10/01/2025 11:43:19

Carmen Rodríguez Dacosta na data 10/01/2025 11:43:26

CSV: B6PISJTRBQADEV23KwZ
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

58926

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García e Montserrat Prado Cores, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a situación do Centro de Saúde de Ourol.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Ourol leva semanas vendo como a súa Atención Primaria está nunha situación de absoluto colapso. Isto débese a que a ausencia do facultativo titular non se está a cubrir, o que provoca que a atención sanitaria non estea asegurada, unha realidade que se pode observar ao saber que a veciñanza de Ourol soamente contará con médico ou médica os días 9, 10, 14, 15, 21 e 23 do mes de xaneiro.

Esta situación é absolutamente inasumible en pleno 2025, e é algo que xa vén de lonxe, xa que se deu sempre que o titular da praza facía uso do seu dereito a vacacións, permisos ou baixas médicas, sen ser substituído de xeito continuado.

Alén do dito, os días nos que non había unha persoa substituta as e os veciños de Ourol eran derivados ao centro de cabeceira en Viveiro, xa de por si colapsado, causándolles deste xeito numerosos prexuízos a unha poboación moi avellentada e moi dispersa que ten que desprazarse a un centro afastado do seu territorio, sen dispoñer en moitos casos de medios propios para facelo.

Pola contra, na actualidade, o Sergas tomou a decisión de derivar aos pacientes esta vez ao Centro de Saúde de Muras, obrigando á veciñanza a desprazarse aínda máis lonxe e sobreesaturando a este centro con capacidade reducida e moi castigado tamén pola falta de persoal.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Toda esta situación provocou que os veciños e veciñas de Ourol se volvesen manifestar, como fixeran hai xa tempo, ao ver os seus dereitos e a súa saúde ameazadas de novo por causa dos recortes e das políticas privatizadoras do Partido Popular.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Vai a Xunta de Galiza garantir que haxa todos os días e de xeito permanente un facultativo ou facultativa no Centro de Saúde de Ourol?
- Considera a Xunta de Galiza que a atención sanitaria no concello de Ourol está garantida coa presenza dun médico ou médica tan só seis días ao mes?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Daniel Castro García**

Montserrat Prado Cores

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 10/01/2025 12:41:03

María Montserrat Prado Cores na data 10/01/2025 12:42:52



Á Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Encarna Amigo Díaz, Noelia Pérez López, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Ethel Vázquez Mourelle e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª Sanidade, Política Social e Emprego**.

O Observatorio Galego de Dinamización Demográfica creouse e está regulado no Decreto 104/2016, do 28 de xullo dependente da Consellería de Política Social. Así mesmo, as súas atribucións víronse ampliadas na Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia.

Este observatorio foi creado para facer fronte os diferentes retos aos que se enfronta Galicia desde hai anos, como o envellecemento da poboación, a baixa taxa de natalidade ou o incremento da esperanza de vida. Doutra banda, entre as funcións deste organismo, están recompilar, analizar e intercambiar información relevante nesta materia; realizar e divulgar os estudos e traballos que resulten de interese demográfico e elaborar un informe anual sobre a situación demográfica en Galicia.

Pasando a outras cousas, este órgano consultivo está conformado por profesores e investigadores da universidade, persoal de institucións públicas e da administración, do ámbito económico, político e sindical.

Para finalizar, cos últimos datos coñecidos podemos falar dun incremento da poboación de 53.000 persoas nestes dous últimos anos, grazas a factores como á inmigración. E de feito, estamos a falar de que o saldo migratorio en Galicia é positivo desde o ano 2017.

En vista do anteriormente exposto, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.- Como valora a Xunta de Galicia o traballo do Observatorio Galego de Dinamización Demográfica?
- 2.- Como está a incentivar o Observatorio Galego de Dinamización Demográfica ese saldo migratorio positivo?

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





- 3.- Considera o Goberno galego que o Observatorio Galego de Dinamización Demográfica está a cumprir con todas as súas funcións?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 10/01/2025 13:15:23

María Encarnación Amigo Díaz na data 10/01/2025 13:15:43

Noelia Pérez López na data 10/01/2025 13:15:51

Víctor Baladrón Lamas na data 10/01/2025 13:16:03

Nicole Grueira Fernández na data 10/01/2025 13:16:13

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Dolores Hermelo Piñeiro na data 10/01/2025 13:16:31

Argimiro Marnotes Fernández na data 10/01/2025 13:16:43

Ethel Vázquez Mourelle na data 10/01/2025 13:16:55

Cecilia Vázquez Suárez na data 10/01/2025 13:17:16

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 16716
Data envío: 10/01/2025 16:46:32.081

Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Recentemente coñecíamos a intención do Goberno de España de protexer o Pazo de Meirás e a Illa de San Simón declarando os mesmos coma “Lugares da Memoria Democrática”.

Esta medida tómase ao amparo dos artigos 49 ao 53 da Lei de memoria democrática que permite ás administracións públicas protexer certos lugares, definidos coma espazos nos que se desenvolveron feitos de singular relevancia pola súa significación histórica, vinculados á memoria democrática.

Ao noso entender a Illa de San Simón e o Pazo de Meirás cumpren sobradamente estes requisitos como así o reivindicamos dende o Grupo Socialista en reiteradas ocasións, polo que deben blindadas e destinadas a fins ou actividades que permitan preservar na memoria colectiva os desastres da guerra e da ditadura.

O Goberno galego ten a obriga de contribuír a esta preservación, colaborando co Estado e impulsando as actividades que nestes espazos se desenvolvan.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 16716
Data envío: 10/01/2025 16:46:32.081

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Vai apoiar o Goberno galego a declaración do Pazo de Meirás e a Illa de San Simón coma Lugares de Memoria que anunciou o goberno do Estado?
2. Vai colaborar o Goberno galego co Estado nesta preservación e nas actividades que nestes espazos se desenvolvan?

Santiago de Compostela, a 10 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 10/01/2025 16:42:47

Patricia Iglesias Rey na data 10/01/2025 16:42:55

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

58933

@PSdeG



CSV: B0P5T8D3KfHtUgA2T-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Nicole Grueira Fernández, Miguel Ángel Viso Diéguez, María Encarnación Amigo Díaz, José Manuel Mato Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Juan Manuel Casares Gándara, Ángel Rodríguez Conde e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**

O medio rural é vital na nosa sociedade, constitúe unha parte esencial da identidade, da estrutura social e da economía de Galicia. A súa sustentabilidade e o seu desenvolvemento é un deber de todos. Polo que a continuidade no futuro desta área tamén depende da participación e do compromiso da mocidade. Neste contexto, a mocidade ten unha tarefa central e imprescindible para garantir que o medio rural non só sobreviva, senón que prospere no futuro.

Os populares galegos recoñecemos a importancia que ten a mocidade na garantía do futuro do rural. Consciente dese papel crucial, desde a nosa acción de galego na Xunta de Galicia levamos a cabo diversas iniciativas e axudas para apoiar e beneficiar o desenvolvemento e a incorporación á actividade agrogandeira dos mozos e das mozas galegas. Así, dende a Consellería de Medio Rural se impulsa unha orde de axudas para apoiar os investimentos destinados á mellora das estruturas de produción das explotacións agrarias, para a incorporación de mozos e mozas e persoas entre 41 e 55 anos. Concretamente, para este 2024, esta liña de axudas conta cun orzamentos de 47 millóns de euros, un 21% máis que na convocatoria do ano anterior.

Son moitos os mozos e mozas que se benefician desta liña de axudas. Dende o período 2009-2024, case 5000 mozos incorporáronse ao agro galego grazas ao apoio directo da Xunta de Galicia, cun investimento de 164 millóns de euros.

Mediante estas axudas búscase mellorar a estrutura produtiva das explotacións galegas e avanzar na consecución dunha adecuada dimensión e un correcto equilibrio dos seus factores de produción co obxectivo de mellorar a competitividade. Ademais, procúrase acadar un rexuvenecemento da poboación activa agraria e fomentar o emprego neste sector, con especial consideración cara ás mulleres, co fin último de fixar poboación no rural. Estas axudas teñen unha gran repercusión no medio rural en Galicia, e non soamente para os beneficiarios, incrementando o número de mozos que se incorporan á actividade agraria, senón tamén rexuvenecendo a poboación activa no rural, asegurando a continuidade do tecido agrario e combatindo tamén o abandono e despoboamento do rural galego.



Ademais, non só son evidentes os efectos positivos nos propios beneficiarios das axudas, senón que a mellora das explotacións implica a un gran número de axentes que participan neste labor, tales como as oficinas técnicas que elaboran os proxectos, os colexios oficiais que os visan, os concellos que conceden as licenzas de obra e as pequenas e medianas empresas de toda Galicia encargadas de realizar as obras contidas nos proxectos. Polo tanto, prodúcese un efecto multiplicador destas axudas, que dinamizan de maneira moi importante o noso medio rural. En definitiva, o Partido Popular desde a súa acción de goberno en Galicia pon en marcha achegas estratéxicas para a dinamización do rural e o fomento da remuda xeracional.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. Que balance fai o Goberno galego sobre a última convocatoria das axudas para a mellora de explotación, a incorporación de mozos e persoas de entre 41 e 55 anos á actividade agrogandeira?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Nicole Grueira Fernández na data 10/01/2025 17:04:20

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 10/01/2025 17:05:01

María Encarnación Amigo Díaz na data 10/01/2025 17:05:18

José Mato Díaz na data 10/01/2025 17:05:28

Enrique Barreiro Sánchez na data 10/01/2025 17:05:56


Cristina Campero Dorado na data 10/01/2025 17:06:11

Juan Manuel Casares Gándara na data 10/01/2025 17:06:32

Ángel Rodríguez Conde na data 10/01/2025 17:07:01

Cecilia Vázquez Suárez na data 10/01/2025 17:07:06





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPG-kFIEVG3h-2

Verificación:

<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

